

MEMORIA

2023



Adolescentes
Alborada atención de día

 XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

 UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

INTRODUCCIÓN

- 1. Presentación.....1**
- 2. Datos xerais da Entidade.....4**

MEMORIA ESTADÍSTICA

- 3. Perfil das persoas atendidas e actividades xerais realizadas no 2023.....5**
- 4. Valoración dende a apertura do CD ata o ano 2023.....24**
- 5. ANÁLISE DA XESTIÓN.....29**
- 6. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS REALIZADOS EN ATENCIÓN DE DÍA42**
- 7. CONCLUSIÓNS.....114**

1. PRESENTACIÓN


Dende o Equipo Psicoeducativo de “Adolescentes Alborada, Atención de Día”, entendemos a **Memoria Anual** como o documento no que se **describen** e **avalían** tódalas actuacións que se realizaron durante o ano anterior, neste caso o 2023, proporcionando unha visión de conxunto do servizo que se presta ás persoas destinatarias, co obxectivo de que este se vaia adaptando progresivamente ás súas necesidades.

Asemade, a Memoria Anual debe facilitar unha **retroalimentación** cos documentos técnicos do centro (Proxecto educativo, Regulamento de Organización, Funcionamento e Convivencia, Itinerario da Intervención Educativa) da poboación atendida e constituír a base para a elaboración da Programación Anual do ano 2025.

A MISIÓN DE ADOLESCENTES ALBORADA

A nosa **misión** é conseguir a **incorporación social das e dos adolescentes con dificultades familiares, sociais, académicas e/ou condutuais** mediante a participación nun programa psicoeducativo, caracterizado por abordar ditos problemas dende un enfoque educativo, psicoterapéutico, relacional, socializador, responsabilizador, incorporador e de implicación familiar.

Pretendemos acadar a nosa misión mediante a participación dos e das adolescentes e familias nunha serie de actividades incluídas nas diferentes áreas do programa psicoeducativo:



En canto a colectividade búscase a colaboración con cantos Organismos e Entidades, públicas ou privadas, teñan relación coa problemática dos menores, e a nosa misión deberá ir encamiñada a participar en campañas de prevención e asesoramento, a colaborar en proxectos comunitarios, a elaborar memorias institucionais e a participar en actividades de formación.

Igualmente, Adolescentes Alborada, sigue as directrices que sinala a normativa emitida polos órganos competentes da Xunta de Galicia, en canto á xestión dos programas, subprogramas e protocolos de intervención para a atención e/o tratamento de persoas menores e adolescentes en conflito, tanto en réxime de reforma como en réxime de protección.

VISIÓN DE ADOLESCENTES ALBORADA

A **visión** que desexamos está enfocada cara a satisfacer as necesidades dos/as diferentes usuarios/as polo que queremos, entre outras cousas, **SER**:


- Referentes en Galicia na atención e tratamento de persoas menores en conflito.
- Considerados como un centro profesional, público, responsábel e innovador.
- Un Equipo co que se poida contar para novos retos e proxectos.
- Áxiles, eficaces e eficientes ante as necesidades detectadas.
- Referentes na atención integral das condutas disociais e/ou aditivas.
- Sólidos en criterios de diagnóstico e guías de tratamento para persoas menores en conflito.
- Colaboradores, compartindo experiencias con outras institucións, organizacións, etc.
- Colaboradores con proxectos de investigación.

VALORES DE ADOLESCENTES ALBORADA

Os **valores** nos que nos apoiaremos serán:

- ✓ **Transparencia**, tanto na xestión, como nas relacións, criterios e actuacións.
- ✓ **Empatía**, poñerse no lugar das persoas e actuar en beneficio delas.
- ✓ **Coherencia, solidariedade**, participación co **compromiso social** e a **vontade** do servizo.
- ✓ **Optimización** e **xestión** eficiente dos recursos asignados, dando contas ante os organismos pertinentes.
- ✓ **Capacidade** de escoita, respecto.
- ✓ **Innovación** e **Investigación**, para adaptarse á realidade.
- ✓ **Traballo en equipo** dende unha perspectiva multidisciplinar.
- ✓ **Eficacia**, dar resposta á demanda dos nosos usuarios.
- ✓ **Profesionalidade**
- ✓ **Preparación científico-técnica**

ORGANIGRAMA




2. DATOS

XERAIS DA ENTIDADE

A **“Asociación Ciudadana de Lucha contra la droga ALBORADA”** comezou a súa labor preventiva, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias no **ano 1982** coa apertura da *Comunidade Terapéutica*. Posteriormente creouse a *Unidade Asistencial*, o *Centro de Día de Drogodependencias*, o *Centro de Día de Atención ao Menor* e o *Programa Creative*. No ano 2008, nas mesmas instalacións do *Centro de Día de Atención ao Menor*, pónse en funcionamento o *Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en Conflito*.

No ano 2021, os centros e programas da ACLAD Alborada que traballan coa infancia e a mocidade pasaron a denominarse **“Adolescentes Alborada”**, incluíndo a Atención de Día, Atención Ambulatoria e Prevención Escolar.

O feito de pertencer a unha O.N.G. tan ampla, permítelle aos diferentes dispositivos estar integrados nunha gran estrutura e beneficiarse e coordinarse cos diferentes programas da Asociación.




3. PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS E ACTIVIDADES

3.1 NÚMERO DE ADOLESCENTES ATENDIDOS

Durante o **ano 2023** atendéronse en “Adolescentes Alborada, Atención de Día” un total de **TRINTA mozos e mozas**, na súa totalidade ocupando praza polo **Réxime de Protección**. Non obstante, houbo **UNHA persoa adolescente** que ocupou praza en dous períodos diferenciados, polo que a hora de establecer os datos estatísticos desta memoria falaremos de **TRINTA E UN casos**.

Así mesmo, destes trinta e un casos, **dezaseis** foron **novos ingresos** no 2023.



3.2 MOTIVO DE INGRESO

Con respecto aos adolescentes usuarios do recurso podemos sinalar que as circunstancias principais de ingreso foron nun 43% motivadas polos conflitos intrafamiliares e nun 21% por problemas comportamentais e de orientación persoal. Por outra banda, un 13% dos casos chegou a nós por mor do absentismo escolar, outro 13% por problemas no ámbito formativo/laboral e familiar e finalmente un 10% por outros motivos.


3.3 ÍNDICE DE OCUPACIÓN

No referente ao Índice de Ocupación de “Adolescentes Alborada, Atención de Día” durante o ano 2023, podemos sinalar que a mesma foi un total anual do **86%**.

3.4 CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS E DAS ADOLESCENTES ATENDIDOS

XÉNERO


Cambiando o xénero predominante respecto ao ano anterior, 2022, un **42%** eran de xénero feminino e un **58%** se encadraban no masculino.



IDADE

A idade predominante dos e das adolescentes asistentes no ano 2023, tomando como referencia a idade ao finalizar a estancia ou no seu defecto a que cumpriron no propio ano, son os dezaseis anos, atopándose neste intervalo **nove** casos.

LUGAR DE RESIDENCIA



OUTRAS CULTURAS

Podemos sinalar que, independentemente do lugar de nacemento e tendo en conta a bagaxe cultural do menor e a súa familia, un **6%** amosan influencias ou orixe cultural latinoamericana e un **3%** romanese.

Por outra banda, un **10%** dos usuarios pertencían á etnia xitana.

NIVEL EDUCATIVO

Tomamos como referente do nivel educativo das persoas menores asistentes, os estudos que teñen rematados. Así, un **64%** só tiña Estudos Primarios, un **23%** o 1º ciclo da ESO e somentes un **13%** ten rematadas as ensinanzas básicas obrigatorias.

Pero o feito de ter rematados estes estudos, sobre todo no caso de rapaces e rapazas que só teñan Estudos Primarios, non ten porque ser indicativo do nivel educativo real.


Estudios rematados	Número de Casos
Estudios Primarios	20
1º Ciclo da ESO	7
ESO	4

A nivel informativo achegamos tamén o último curso realizado polos mozos e mozas asistentes a Atención de Día, independentemente de que este fora superado ou non.

Último Curso Realizado	Número de Adolescentes
2º ESO /Módulo II ESA	5
3º ESO/Módulo III ESA	1
4º ESO/Módulo IV ESA	4
1º FPB	17
2º Bacharelato	1
1º Ciclo Medio	4

3.5 PERSOAS MENORES SEGUNDO RÉXIME: PROTECCIÓN OU REFORMA


Como xa indicamos, no ano 2026 atendéronse en Atención de Día un total de **TRINTA E UN CASOS**, dos cales a súa totalidade, é dicir o 100%, estiveron en **Réxime de Protección**.



3.6 ALTAS EN ATENCIÓN DE DÍA


Houbo un total de **catorce altas** en Atención de Día, das que o **50%** foron altas educativas, un **21%** abandonaron o programa e o **29%** restante foron derivados a outras institucións ou programas dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude:

- Dous casos ao Centro de Reeduación Avelino Montero – Pontevedra.
- Unha adolescente ao CM Casa da Quintán – Ita Saúde Mental. Pontecaldelas.
- Un casos a aldeas infantiles – Redondela.



3.7 ESTANCIA EN ATENCIÓN DE DÍA



Estes datos elabóranse tendo en conta o tempo de asistencia dos adolescentes que causaron alta no ano 2023. Obsérvase que o **14%** dos e das adolescentes permaneceron no recurso **de un a tres meses**, o **7%** de **tres a seis meses**, un **36%** de **nove a doce meses**, **29%** entre **doce e vinte e catro meses**, e finalmente un **14%** **máis de vinte e catro meses**.



3.8 NÚCLEO FAMILIAR DE CONVIVENCIA

Con respecto ao núcleo familiar no que viven os e as adolescentes diariamente, pareceunos moi significativo que o **68%** sexa un núcleo monomarental ou en menor medida monoparental. Por outra banda, somentes o **7%** dos menores atendidos no centro vive con ambos proxenitores.


Se analizamos o resto dos núcleos de convivencia atopámonos con que un **10%** vive coa familia extensa e un **12%** co que denominamos Familia Nuclear2, é dicir, familias formadas pola nai ou o pai e a súa nova parella. Para finalizar, sinalar que nun **3%** convivía baixo outros modelos familiares (Parella e familia).



NUCLEAR	2
Pais	2
FAMILIA EXTENSA	3
Avós	2
Outro Familiar	1
MONOMARENTAL	21
Nai	21
NUCLEAR 2	4
Nai e parella	4
OUTROS	1
Parella e familia	1

3.9 NIVEL SOCIOECONÓMICO DAS FAMILIAS


No que se refire ao nivel socioeconómico das familias, un **26%** medio-baixo e un **45%** baixo, doutra banda, o **19%** un nivel socioeconómico medio, un **3%** a un nivel medio-alto e un **7%** alto.



3.10 NORMAS DE CONVIVENCIA DAS FAMILIAS

Mediante os datos recollidos na intervención coas propias familias podemos observar que, un **19%** das mesmas tiñan unhas normas de convivencia tolerantes, nun **39%** atopamos normas contraditorias e noutro **19%** non existen as normas, sendo estes os grupos maioritarios.

Por outra banda, nun **9%** normas moi severas, nun **7%** das familias estas normas son excesivamente permisivas e noutro **7%** tiñan normas de convivencia normais.



3.11 INTERVENCIÓNS

- **Visitas domiciliarias:** 92
- **Entrevistas/visitas fóra do Centro:** 41
- **Entrevistas menor /familia:**
 - Titorías: 264
 - Interv. Educativas Individuais: 307
 - Interv. Educativas coa Familia: 127
 - Interv. Educativas só coa Familia: 93
 - Intervencións Fin de semana e fora do horario laboral: 174
- **Intervencións Psicolóxicas:**
 - Intervencións Psicol. Individuais: 72
 - Intervencións Psicol. coa Familia: 12
 - Intervencións Psicol. só coa Familia: 32
- **Contactos telefónicos menor /familia:**
 - Contactos Telefónicos Menores: 627
 - Contactos Telefónicos Familias: 1.462
- **Seguimento Académico:**
 - Seguimento Académico Telefónico: 283
 - Seguimento Académico Menor: 78
 - Seguimento Académico Familiar: 34
 - Visita Escolar: 27
- **Informes:** 219 realizados
- **Coordinación de recursos:** 182
- **Outras:**
 - Técnicos: 188
 - Urinoanálises: 67
 - Outras: 214

3.12 SITUACIÓN FORMATIVO LABORAL

Con respecto a súa situación formativo/laboral no **momento do ingreso** en “Adolescentes Alborada, Atención de Día”: o **49%** dos e das adolescentes estaban **escolarizados e asistían a clase**, o **38%** **escolarizados e non asistían a clase** e un **13%** **desempregados que non buscaban traballo**.

Con respecto aos estudos, ao longo ou ao remate do 2023, os mozos e mozas asistentes, independentemente da súa situación ao ingreso, cursaron os seguintes:

ESO: 9

2º ESO: 4
3º ESO: 1
4º ESO: 5

CICLO MEDIO de FP: 2

Técnico de Instalación de telecomunicacións: 1
Técnico de Servizos Administrativos: 1

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA: 10

1º FPB:

FPB Servizos administrativos: 2
FPB Cociña e Restauración: 1
FPB de Tapizaría e Cortinaxe: 1
FPB Electricidade e Electrónica: 2
FPB Servizos Comerciais: 1
FPB Ofimática: 1
FPB Peiteado e Estética: 1
FPB Mantemento de Vehículos: 1


BACHARELATO: 1

2º Curso: 1

Por outra banda, e con respecto a **formación non regrada** realizada no 2023 polos adolescentes participantes no programa atopámonos coas seguintes accións formativas:

- 🚦 Curso de Empregabilidade, Acción Laboral: 1
- 🚦 Montaxe e mantemento de Instalacións Solares Térmicas, Fundación Laboral da Construción: 1
- 🚦 Programa de Formación Laboral, ASIME: 1
- 🚦 Operacións Básicas de Restaurante e Bar - FORGA

Sinalar que, a raíz do ingreso no Centro, **cinco** persoas menores foron incluídas no Programa Específico de **Preparación de Probas por Libre** e no 2023 prepararon as Probas de Competencias Clave Nivel 2 e as Probas de Acceso a Ciclos Medios. Dos mozos e mozas participantes presentáronse **catro** ás Probas de Competencias Clave Nivel 2 que convoca a Consellería de



Emprego e Igualdade a través do Instituto Galego das Cualificacións, aprobando as mesmas o **50%**.

No **Programa de Inserción Laboral ACTIVAJOB** participaron **once** persoas, un **35%** do total de asistentes á Atención de Día. Das que dúas atoparon traballo, Camareiro e Asistente de Topografía.

E no **Programa de Inserción Laboral para Familias "Activate-Xa"** participaron **tres** familias, un **10%** das familias.

CONSUMO DE DROGAS DOS E DAS ADOLESCENTES USUARIOS

	DIARIO		FINS DE SEMANA	
	Habitual	Ocasional	Habitual	Ocasional
ALCOHOL	3%	13%	39%	16%
TABACO	42%	32%	61%	10%
CANNABO	42%	13%	42%	19%
COCAÍNA	---	---	3%	10%
DROGAS DE SÍNTESE	---	---	---	10%
BENZODIACEPINAS*	3%	---	6%	6%

* Enténdese o consumo de benzodiazepinas sen prescrición médica.

Dos menores atendidos, un 26% non eran consumidores de ningunha das substancias sinaladas.

Casos Atendidos: 31

Nota: Estes datos son recoñecidos polas propias persoas menores nas intervencións realizadas con elas

3.13 PROBLEMÁTICAS DAS E DAS ADOLESCENTES

- Historia en Centros de Protección: 35%
- Historia en Centros de Reforma Xuvenil: 3%
- Antes en "Adolescentes Alborada, Atención Ambulatoria": 32%
- Malos tratos do menor á familia: 58%
- Medidas xudiciais pendentes: 32%
- Conflitividade relacional: 74%
- Utilización da violencia para resolver conflitos: 61%
- Ausencia de límites: 77%
- Ambiente marxinal: 48%
- Absentismo escolar: 58%
- Abuso de drogas: 45%
- Drogas na familia: 42%
- Hiperactividade /Déficit de Atención: 29%
- Asistencia Psiquiátrica: 48%
- Víctimas de abusos sexuais: 13%
- Trastornos ou desordes alimentarias: 32%
- Separación familiar: 90%
- Abandono pai biolóxico: 61%
- Acollemento: 3%
- Anteriormente en garda: 6%



3.14 PROBLEMÁTICA FAMILIAR

- Dificultades económicas: 39%
- Tratamento psiquiátrico: 23%
- Falta de colaboración/interese: 39%
- Abuso de drogas: 42%
- Conflitividade veciñal: 10%
- Malos tratos: 19%
- Conflitividade parella: 39%
- Discapacidade/ Enfermidade Física: 13%
- Problemas xudiciais: 16%
- Ambiente marxinal: 26%
- Conflitividade relacional: 26%
- Utilización da violencia para resolver conflitos: 6%
- Irmáns en Centros de Menores: 19%
- Irmáns que non coñecen: 10%

3.15 DIFICULTADES ATOPADAS NO DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

- Dificultades atopadas:
 - Falta de colaboración do mozo ou moza: 22%
 - Falta de colaboración da familia: 13%
 - Varias*: 52%
- Sen dificultades: 13%

* No apartado varias, queremos sinalar que as dificultades existiron principalmente por unha falta de colaboración tanto dos adolescentes como por parte das súas familias



3.16 ACTIVIDADES E PROGRAMAS DESENVOLVIDOS

No ano 2023 realizáronse en “Adolescentes Alborada, Atención de Día” os seguintes Programas Específicos contando con diferente participación, xa sexa de xeito individual ou grupal:

Programa Específico		Participantes	Porcentaxe
Programa de Habilidades Sociais		27	87%
Programa de Relaxación		10	32%
Programa afectividade, diversidade, sexualidade e xénero		25	81%
Programa de Educación para a saúde		26	84%
Programa de Prevención e Intervención en Condutas Aditivas	ZERO (Con Substancia)	23	74%
	SENSORTE (Sen Substancia)	22	71%
Programa de Educación Viaria		14	45%
Programa de Ocio e Tempo de Lecer		24	77%
Programa de Actividades Plásticas e Creatividade		18	58%
Programa de Outras Culturas e Realidades Sociais		15	48%
Programa Días Especiais		16	52%
Programa de Orientación, Apoio e Reforzo Escolar		29	94%
Programa de Inserción Laboral ACTIVAJOB		11	35%
Programa de Inserción Laboral para Familias “Actívate Xa”		3	10%

Por outra banda, e no referente aos programas do SIPAF (Servizo de Intervención Psicolóxica para Adolescentes e Familias) desenvolvidos polo psicólogo de “Adolescentes Alborada, Atención de Día”, atopámonos con que participaron como usuarios/as do Servizo un total de 27 adolescentes, un 87% dos asistentes no ano 2023, e 20 familias, un 65% das usuarias do Programa. Se analizamos esta participación en base a programas específicos atopámonos coa seguinte participación:

- Programa Específico de Desenvolvemento Persoal: 25 participantes, un 81% do total de usuarios e usuarias.
- Programa E. De Atención a Menores que Usan Drogas: 17 participantes, un 54%
- P. Específico de Prevención dos Comportamentos Violentos e Fomento das Habilidades Prosociais e do razonamento Moral: 16 participantes, un 51%
- P. E. Do Área Formativa/Laboral: 22, o 71%
- P.E. de Desenvolvemento Sociorrelacional: Participaron 24 adolescentes, un 77% do total.

- P. E. Do Área do Ocio e o Tempo de Lecer: 24 participantes, o 77% do total.
- Programa de Intervención no Maltrato: Participaron 10 adolescentes, un 32%, dentro das súas diferentes modalidades de intervención, con *Persoas Menores que Exercen Maltrato nos seus Fogares ou nas súas Relacións Sociais ou de Parella*, na *Prevención e Tratamento para Familias con Prácticas de Diversas Formas de Maltrato*, ou no *Tratamento de Víctimas de Violencia*.
- P. de Estimulación Neuropsicolóxica e Psicomotriz: 2 adolescentes participantes, 6%
- Intervención en Abuso Sexual Infantil: 4 adolescentes usuarios/as, un 13% do total.

3.17 ACTIVIDADES EXTERNAS

Dende o Equipo Educativo entendemos fundamental a participación dos e das adolescentes en actividades normalizadas externas á atención de día, gratificantes e escollidas por eles. A finalidade principal é potenciar afeccións e intereses, o cal en moitas ocasións é un traballo a longo prazo comezando pola motivación do mozo ou moza, quen non sabe que facer ou non manifesta ningunha preferencia. As e os adolescentes atendidos participaron nas seguintes actividades (tendo en conta que algúns/has participaron en varias e outros/as en ningunha):

DEPORTIVAS: 16

- Ximnasios: 6
 - Fitness: 4
 - Crossfit: 2
- Fútbol: 2
- Boxeo: 2
- Pole dance: 1
- Tenis: 1
- Capoeira: 1
- Xadrez: 1
- Jiu Jitsu: 2

ACADÉMICAS: 2

- Academia de Inglés: 1
- Academia de Apoio ao Estudo (Bacharelato): 1

OUTRAS: 4

- Campamentos de verán: 2
- Piano: 1
- Pintura: 1

3.18 ACTIVIDADES ORGANIZADAS DENTRO DE LA ATENCIÓN DE DÍA

Dentro da multitude de actividades desenvolvidas dentro do Programa de Atención de Día (Desenvolvidas no punto 3.8 desta memoria) gustaríanos resaltar, por unha banda, as visitas puntuais de persoas alleas ao recurso en representación propia ou de institucións para participar en pequenos obradoiros cos adolescentes. E por outra, as diferentes saídas realizadas dentro dos diferentes programas desenvolvidos no ano 2023.

Así, este ano contamos con **actividades puntuais** de:

- **Calistenia.** Durante o verán e na praia de Rodeira (Cangas do Morrazo) realizamos, co apoio dun Técnico Deportivo, un sesión de calistenia, un sistema de adestramento con exercicios físicos que se realizan co propio peso corporal.
- **Ioga.** Realizamos esta actividade grupal no paseo de Cangas do Morrazo. Unha Técnica Deportiva especializada en ioga compartiu unha aproximación a esta disciplina tradicional que conxuga o adestramento nas facianas físicas e mentais das persoas.

Respecto as diferentes actividades do Programa de Ocio e Tempo Libre, este ano 2023, a maiores das diferentes saídas realizadas tivemos catro **accións que se desenvolveron en varias xornadas** ao longo do ano, principalmente nos meses de xullo e agosto:

- Kaiak e Padel Surf. Actividade deportiva habitual nos veráns de Adolescentes Alborada. Realizada os xoves do mes de agosto en Bouzas.
- Haters and Lovers. Participamos nas actividades propostas dende este programa da ACLAD Alborada e subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude que busca a prevención da violencia entre iguais e o fomento do bo trato. Entre estas actividades participamos nun obradoiro de fotografía social realizado en colaboración "Asociación CyES – Comunicación y Educación Social".
- Actividade conxunta con Afaga Alzheimer nas súas instalacións e no Museo Marco onde adolescentes e enfermos de alzheimer.
- Actividade no espazo natural dos montes do Morrazo cos cans da Protectora de Animais do Morrazo.

No ano 2023 continuouse coa elaboración da programación trimestral de actividades de lecer, especialmente nos períodos lectivos. O obxectivo foi garantir actividades lúdicas cos adolescentes usuarios durante todos os períodos do ano.

Por último, respecto as saídas de ocio, podemos agrupalas en catro grandes grupos e con obxectivos diferenciados:

- **Coñecemento dos recursos comunitarios da cidade de Vigo e a súa bisbarra**, de xeito que os e as adolescentes coñezan onde acudir cando precisen unha orientación determinada (sexoafectiva, laboral, tempo libre,...), así como o emprego axeitado de outros como bibliotecas, hemerotecas,...
- **Saídas de lecer**: a súa finalidade é que coñezan e gocen de diferentes alternativas de lecer e tempo libre.
- **Saídas culturais**: o obxectivo é achegar aos menores a diferentes recursos culturais, así como potenciar a reflexión e o debate sobre diversos temas .
- **Saídas enmarcadas dentro do Programa ActivateJob**: Saídas con finalidade de amosar realidades profesionais e laborais.

Neste ano, realizáronse as **seguintes saídas**:

COÑECEMENTO DE RECURSOS COMUNITARIOS:

- Concello de Vigo
- Casa da Xuventude
- Biblioteca Central / Hemeroteca
- Instalacións deportivas municipais (Ximnasio do Carme, Pavillón das Travesas, Pavillón de Beiramar,...)
- Visitas a diferentes Centros Comerciais
- Porto de Vigo

LECER:

- Diferentes actividades de lecer en distintas praias da Ría de Vigo (Nerga, Melide, Lapamán, Patos, Praia América ...)
- Praias Fluviais da contorna de Vigo (O Val Mondariz, río Maceiras Covelo, Ponte colgante Soutomaior,...)
- Actividades deportivas e xogos ao aire libre (Tenis, Basquet, ximkanas, roteiros, buscas do tesouro,...)
- Visitas a Cangas, Baiona, Nigrán, Marín, Soutomaior, Mondariz, Oia, A Guarda, Bueu, Castrelo de Miño, Pontevedra, Combarro, ...
- Paddle surf e Kaiak en Bouzas
- Visitas parques de Vigo: O Castro, A Guía, A Riouxa, Castrelos,...
- Pista de Patinaxe sobre xeo
- Bowling no centro Vialia Vigo

- Vigozoo
- Marisquiño - Samil
- Termas de Prexigueiro e Outariz
- Aquapark Cerceda
- Actividades de lecer nas instalacións do Proxecto Verdear, ACLAD Alborada
- Churrascada e estancia na casa de turismo rural Os Taraidos – A Lama
- Actividade canina coa Protectora de Animais do Morrazo
- Jumping Park As Nasas – Nigrán
- Ciclo roteiro en Areeiros – Tui
- Visita buque da armada Indonesa
- Ximnasio Body and Mind

CULTURAIS:

- Pazo Quiñones de León – Castrelos
- Museo Liste
- Museo Marco
- Actividade Cultural con AFAGA Alzheimer
- Centro de Interpretación do Parque Nacional das Illas Atlánticas
- Visitas guiadas ao casco vello de Vigo e Bouzas
- Visor submarino Nautilus
- Xacemento e murallas do Castro de Vigo
- Diferentes actividades e exposicións de Afundación (Emocións en Perigo, PTV, Vigo no tempo, As Vangardas Picasso,...)



3.19 RECURSOS COMUNITARIOS EMPREGADOS

SEGUIMIENTO ESCOLAR	BUSCA DE EMPREGO
IES Alvaro Cunqueiro	Emprego Galicia
IES Teis	SEPE
IES Valadares	Programa Mentor
IES Politécnico	ETT'S
IES Ricardo Mella	Proxecto TAREA
IES Carlos Casares	ACCEM
IES A Guía	Cáritas
IES Rosais II	FORGA
IES Pedra da Auga (Ponteareas)	Máis Emprego. Concello de Vigo
IES A Sangriña (A Guarda)	Fundación Laboral da Construción
IES Castelao	ASIME
IES Ricardo Mella	Acción Laboral
CIFP Manuel Antonio	P. Orientación e Asesoramento UXT
IES Soutomaioir	RECURSOS EDUCATIVOS
CIFP Valentín Paz Andrade	Secretariado Xitano
EPA Berbés	Achega
CPR Mendinho	Academia Inglés Camelias
CPR Fillas de María Inmaculada	ASDEGAL
CPR Don Bosco - Salesianas	Afundación
CPR San Miguel	AFAGA Alzheimer
CPR San Miguel II	
Inspección de Educación	
Instituto Galego das Cualificacións	
Litus	

OCIO E TEMPO DE LECER

Proxecto Verdear

Ximnasio do Carme

Escolas Deportivas Municipais

Construaventura

Campaña Verán Xunta de Galicia

Museo Etnográfico Liste

Museo Marco

La Vieja Escuela

Verdeazul

EdamCross

loga Cangas

Ximnasio KIAP

Body and Mind Gym

Brookling FitBoxing Vigo

Conservatorio Mayeysis

Asoc. Gunga e Abadá Capoeira

Mais que Auga

Sinergym

Peñasco C.F.

Coia C.F.

Pole dance Vigo

**UTILIZACIÓN DE
INFRAESTRUTURAS**

Vitrasa

Casa da Xuventude

Secretariado Xitano

Aclad Alborada

**RECURSOS SANITARIOS E DE
SAÚDE**

COF. Orientación Familiar

Centro Saúde de Coia

C. Integral de Saúde Taboada Leal

Centro Saúde Pintor Colmeiro

Centro Saúde Matamá

Centro Saúde de Navia

Unidade Prevención Suicidio

POVISA

Hospital Nicolás Peña

Hospital Álvaro Cunqueiro

UAD Alborada

Clínica Dental Álvarez y Frutos

Farmacia Carrascal

061


Urxencias PAC Vigo

OUTROS
Policía Local
Policía Autonómica
Policía Nacional
UFAM
Fiscalía Protección
Xulgado de Menores
Óptica Varela

UNED
Universidade Santiago de Compostela
Correos
Programa Intervención Familiar
Servizos Sociais Concello de Vigo
Universidade de Vigo
UTS Concello de Vigo
Piojitos

4. VALORACIÓN DENE A APERTURA ATA O ANO 2023


4.1 ÍNDICE DE OCUPACIÓN ADOLESCENTES ALBORADA, ATENCIÓN DE DÍA



ANO	Taxa de Ocupación
2001	76%
2002	99%
2003	88%
2004	92%
2005	100%
2006	100%
2007	95%
2008	95%
2009	98%
2010	89%
2011	86%
2012	82%
2013	80%
2014	91%
2015	90%
2016	83%
2017	75%
2018	89%
2019	88%
2020	86%
2021	76%
2022	88%
2023	86%
Media Interanual	88%

4.2 XÉNERO

Sinalar que, durante o ano 2023, e seguindo a tónica dos últimos anos, a representación por xénero dos usuarios é bastante semellante, sendo superior, neste ano, o número de adolescentes con xénero masculino.



4.3 IDADES MÁIS SIGNIFICATIVAS

A idade tipo no ano 2023 foi a de 16 e 17 anos, ambas cun 29% dos casos.


ANO \ IDADE	13	14	15	16	17
2001	--	--	31%	31%	38%
2002	--	3%	--	--	37%
2003	--	15%	34%	17%	10%
2004	--	18%	22%	14%	22%
2005	--	17%	22%	19%	19%
2006	--	2%	12%	32%	20%
2007	3%	5%	8%	19%	32%
2008	6%	8%	13%	22%	17%
2009	--	5%	14%	18%	33%
2010	3%	7%	5%	15%	37%
2011	9%	11%	24%	13%	28%
2012	11%	22%	27%	31%	3%
2013	9%	26%	17%	34%	11%
2014	3%	9%	20%	14%	40%
2015	--	14%	17%	33%	33%
2016	3%	3%	31%	40%	20%
2017	3%	9%	16%	38%	34%
2018	--	8%	15%	23%	51%
2019	--	3%	9%	20%	60%
2020	4%	4%	21%	29%	35%
2021	3%	10%	20%	37%	27%
2022		14%	17%	30%	39%
2023	--	10%	16%	29%	29%
Media Interanual	5%	10%	19%	25%	29%

* Esta táboa reflexa somentes as porcentaxes das idades máis significativas.

4.4 MODELOS FAMILIARES

Modelos Familiares Ano	Monoparental Monomarental	Nuclear	Extensa	Nuclear 2	Outros
2001	46 %	28 %	23 %	--	3 %
2002	24 %	48 %	24 %	--	--
2003	28 %	51 %	16 %	--	--
2004	39 %	29 %	13 %	13 %	--
2005	42 %	23 %	11 %	9 %	11 %
2006	31 %	33 %	8 %	18 %	10 %
2007	47 %	20 %	20 %	8 %	5 %
2008	43 %	25 %	16 %	14 %	2 %
2009	35 %	32 %	5 %	14 %	14 %
2010	27 %	43 %	8 %	12 %	10 %
2011	39 %	35 %	2 %	10 %	6 %
2012	39 %	22 %	19 %	10 %	10 %
2013	40 %	11 %	23 %	6 %	20 %
2014	48 %	29 %	14 %	9 %	--
2015	50 %	30 %	8 %	6 %	6 %
2016	46 %	29 %	11 %	14 %	--
2017	53 %	25 %	13 %	9 %	--
2018	60 %	10 %	15 %	15 %	--
2019	44 %	29 %	15 %	12 %	--
2020	64 %	25 %	4 %	7 %	--
2021	67 %	13 %	10 %	7 %	3 %
2022	47 %	25 %	5 %	20 %	3 %
2023	68 %	7 %	10 %	12 %	3 %
Media Interanual	44 %	26 %	13 %	10 %	5 %


Exceptuando os anos 2002, 2003 e 2010, destaca entre os diferentes modelos familiares a familia monomarental ou monoparental, sobresaíndo entre estas dúas a que ten por cabeza de familia á nai. Así no ano 2023, do **68%** de familias cun único referente adulto, a porcentaxe máis alta dende a apertura do centro, o 100% correspondía a unidades familiares monomarentais.



4.5 MOTIVO DE INGRESO EN ATENCIÓN DE DÍA

MOTIVO DO INGRESO ANO	Problemas comportamentais no ámbito formativo/laboral e familiar	Conflicto intrafamiliar	Problemas comportamentais e de orientación persoal	Medida xudicial	Outros
2003	33%	5%	16%	37%	10%
2004	45%	4%	13%	38%	--
2005	44%	11%	2%	43%	--
2006	29%	10%	3%	54%	--
2007	26%	3%	10%	54%	7%
2008	37%	2%	11%	45%	--
2009	27%	7%	11%	43%	12%
2010	24%	8%	12%	48%	8%
2011	30%	18%	13%	28%	11%
2012	27%	22%	13%	27%	11%
2013	17%	17%	29%	29%	8%
2014	9%	29%	37%	20%	6%
2015	8%	28%	42%	14%	8%
2016	6%	20%	48%	23%	3%
2017	12%	19%	53%	16%	--
2018	31%	10%	36%	15%	8%
2019	26%	26%	30%	6%	12%
2020	18%	24%	36%	4%	18%
2021	10%	24%	46%	--	3%
2022	11%	36%	31%	--	22%
2023	21%	43%	13%	--	23%

No ano 2023 continua a ser o motivo principal de ingreso o Conflicto Intrafamiliar cun 43%, aumentando respecto ao ano pasado. Por outra banda, dos adolescentes que ingresaron por outros motivos, o 13% do total de casos asistentes durante o ano 2023 foi por mor do absentismo escolar.



4.6 ALTAS EN ATENCIÓN DE DÍA

Obsérvase que, como motivo de saída de Adolescentes Alborada, Atención de Día o pasado ano, o motivo principal foron as altas educativas cun 50%.

Por outra banda, atopámonos cunha diminución do número de abandonos, que constituíron o 21% do total.

	Abandono	Derivación	Alta educativa*	Outros
2001	45%	40%	10%	5%
2002	8%	17%	75%	--
2004	8%	8%	59%	25%
2005	20%	28%	40%	12%
2006	10%	27%	49%	14%
2007	13%	13%	7%	3%
2008	9%	19%	63%	9%
2009	17%	24%	52%	7%
2010	11%	28%	59%	11%
2011	13%	27%	42%	--
2012	17%	13%	57%	13%
2013	--	40%	30%	30%
2014	5%	32%	42%	21%
2015	16%	42%	37%	5%
2016	19%	33%	48%	--
2017	--	50%	50%	--
2018	17%	52%	31%	--
2019	20%	45%	25%	--
2020	27%	27%	46%	--
2021	7%	66%	27%	--
2022	29%	42%	29%	--
2023	21%	29%	50%	

* Ata o ano 2020 o apartado Alta Educativa tamén incluía aos adolescentes que remataban a súa medida xudicial no noso recurso.


5. ANÁLISE DA XESTIÓN

5.1 RECURSOS HUMANOS

CAMBIOS NOS RECURSOS HUMANOS

Durante o ano 2023, e após gañar a ACLAD Alborada o Concerto Social, de prazas de atención de día dirixidas a nenos, nenas e adolescentes con medida de protección (código de procedemento BS213K), realizáronse diferentes mudanzas nos nosos recursos humanos co obxectivo de optimizar os mesmo e dar unha resposta máis acaída as necesidades e demandas das persoas adolescentes e as súas familias. Así, durante este pasado ano, o equipo multidisciplinar de “Adolescentes Alborada, Atención de Día” estivo composto por:

- Director-Xerente da ACLAD Alborada
- Director Atención de Día
- Psicólogo
- Sete educadores/as sociais
- Profesora de apoio
- Persoal Auxiliar



FORMACIÓN REALIZADA VALORACIÓN DA MESMA

Dentro do Programa de Formación Interna Propio de “Adolescentes Alborada” realizáronse dúas sesións formativas destinadas ao persoal propio da ACLAD Alborada. O programa de Formación Interna promove o desenvolvemento de actividades de formación no propio Centro e para o propio Centro.

A sesión realizada no 2023 foi:

✓ **MOTIVACIÓN E HABILIDADES PARA TRABALLAR EN EQUIPO EN ALBORADA.**

Ponente: Pedro Rodríguez, consultor, formador entrenador e ponente en habilidades sociolaborales. Diplomado en Maxistero. Master en Dirección Comercial e Marketing por vocación, formado en coaching individual y para equipos.

Por outra banda, os cursos e xornadas formativas realizados polo Equipo Educativo de “Adolescentes Alborada, Atención de Día” ao longo do 2023 son os seguintes:

Análise da Escritura e test proxectivos gráficos M.A. Gómez Vázquez

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

Xogo Patolóxico e Uso Problemático das TIC (Internet e Videoxogos). M.A. Lloves Moratinos

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

Informes sobre Menores: cuestións legais, éticas e técnicas. S. Blanco e C. González

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

O Interese Superior do Menor J.R. García Palacios

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

A Disociación como Resposta ao Trauma. Anabel González

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

Técnicas para o manexo do Conflito (Con ou sen risco). Alicia Román

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

**Entendendo as Adicións. Porque as Persoas se Inician no Consumo de Substancias.
M.A. Lloves Moratinos**

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

Entender as Defensas Psicolóxicas como Protección e non como Resistencia . N. Seijo

Programa Redes, ACLAD Alborada – Consellería de Política Social e Xuventude

PROTEGO. Programa de Adestramento Familiar en Habilidades Educativas e Fomento da Parentalidade Positiva para Previr o Consumo de Drogas e Outras Adicións

PDS. Promoción y Desarrollo Social

Xornada de Formación Programa CENPOS

Consellería de Política Social e Xuventude

Conciliación da Vida Persoal, Familiar e Laboral

EGAP (Escola Galega de Administración Pública)

Sexting, Sextorsión, Violencia de Xénero Dixital

EGAP (Escola Galega de Administración Pública)

Formación Básica para a Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero

EGAP (Escola Galega de Administración Pública)

Xornada "II Foro Turismo e Infancia. A Prevención da Explotación Sexual da Infancia e a Adolescencia: Unha cuestión de Dereitos Humanos e Empresas.

FAPMI-ECPAT España, Ministerio Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación

Dirección Estratéxica e Habilidades Directivas nas ONL

UNED

Recursos Humanos. Xestión Directiva de Organizacións non Lucrativas

UNED

Xestión Financeira e Captación de Fondos nas Organizacións non Lucrativas

UNED

Institucións, Políticas e Fondos Europeos

UNED

Recursos Humanos. I Congreso Internacional de Transición á Vida Adulta da Xuventude do Sistema de Protección

Programa Mentor, IGAXES e Universidade de Vigo

Entendemos que a formación, tanto a externa como a interna, realizada o longo do ano repercute positivamente na mellora da nosa intervención profesional no centro ao aportar diferentes visións enriquecedoras. Tamén valoramos como positivo e enriquecedor o poder contrastar con outros profesionais do noso ámbito os distintos xeitos de abordar o noso traballo.

ÓRGANOS COLEXIADOS

REUNIÓNS REALIZADAS E ACORDOS ADOPTADOS

Xuntanzas do Equipo Educativo:

- Reunións do Equipo Psicoeducativo:

- Todos os luns celébrase unha xuntanza onde se fai un seguimento da evolución dos diferentes usuarios do servizo. Celebráronse **corenta e tres** xuntanzas.
- Os venres convócase a unha xuntanza onde se avalía o estado xeral do Centro e as súas necesidades, se concreta a programación semanal de actividades e búscase solucionar os posibles problemas de xestión no día a día. Realizáronse **corenta e sete** reunións.

Comité de Calidade: Dentro do Plan de Calidade fixéronse **catro** reunións do Comité de Calidade, con carácter trimestral, co obxectivo continuar desenvolvendo a mellora continua no noso día a día. Ademais, celebráronse **dúas** reunións anuais, participando todo o equipo psicoeducativo, de planificación de estratexias, actividades e mellora continua.

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O ANO PRÓXIMO NESTA ÁREA

No área formativa os obxectivos do **Plan de Formación e Investigación**, sinalar a mellora da formación interna recibida e a intención de continuar impulsando as actividades formativas propias do centro de Adolescentes Alborada. Cara o vindeiro ano concretaranse na Programación Anual as actividades formativas internas para así, deste xeito, garantir a súa celebración.

No referente aos Órganos Colexiados, é preciso un maior esforzo para cumprir os obxectivos marcados nas xuntanzas, pois moitas veces o que facer diario da Atención de Día e as múltiples actividades a realizar cos/as adolescentes dificultan en gran medida acadalos. Tamén é preciso sintetizar e concretar á hora de falar sobre os diferentes casos e o análise das súas necesidades, aproveitando ao máximo o tempos das diferentes reunións e que estas poidan mellorar a calidade na atención aos adolescentes e as súas familias.

Por último, acórdase como mellora cara o vindeiro ano incluír nas diferentes xuntanzas unha Libreta de Actas que recolla os acordos acadados polo Equipo Psicoeducativo, respecto a xestión e criterios comúns, e que non se incluían nos documentos de seguimento do diferentes casos.


5.2 RECURSOS MATERIAIS

INSTALACIÓNS, OBRAS REALIZADAS E NECESIDADES DETECTADAS

“Adolescentes Alborada, Atención de Día” desenvolve as súas actividades no local sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas número 9, nunha zona céntrica e ben situada da cidade de Vigo. O local, de 276´25 m2, está adaptado ás necesidades da Atención de Día, tanto polas características do mesmo como polos recursos que nos oferta o entorno, de tal xeito que contén todos os elementos necesarios para atender adecuadamente aos/as adolescentes.



No ano 2023 realizáronse as actividades propias do mantemento das instalacións do centro, após das obras de mellora realizadas no mesmo durante os anos 2018 e 2020 .





Detalles despacho, aulas de estudo e tempo libre e corredor

Por outra banda, dende este ano 2023 o Equipo Psicoeducativo de Adolescentes Alborada, Atención de Día conta cunha furgoneta de nove prazas para o seu uso para desenvolver as actividades propias do Programa.

MOBILIARIO E ENSERES DETECCIÓN DE NECESIDADES

O Centro dispón de mobiliario, utensilios, aparatos e enseres apropiados para a vida cotiá e que garanten a seguridade e o benestar dos/as adolescentes. Igualmente está acondicionado a dar resposta ás diferentes circunstancias e idades dos/as mozos/as.

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O ANO PRÓXIMO NESTA ÁREA


As propostas de mellora pasan polo mantemento adecuado e mellora de instalacións, mobiliario e enseres. Como caso concreto expoñemos a mellora do despacho de educadores e educadoras acadando maior espazo de traballo e equipos informáticos para o Equipo Educativo.



5.3 RECURSOS TÉCNICOS

DOCUMENTOS: VALORACIÓN DA EFICACIA E USO PRÁCTICO DOS MESMOS

Dende o Equipo Educativo, para a posta en funcionamento do traballo requirido, elaboramos un **Manual de Estancia do Adolescente en Atención de Día** no que se sinalan tanto os documentos emanados dos protocolos esixidos pola administración, incluíndo as súas modificacións no ano 2016, como outros documentos de elaboración propia. Todos eles facilitan a recollida de información e son o puntos de saída para a posta en marcha das intervencións educativas realizadas.



Tal e como se recolle no manual, a relación de documentos do Centro, segundo a fase de intervención, é a seguinte:

Fase 1: Ingreso

- Libro de Ingresos
- Documento de actuacións preparatorias e seguimento do ingreso (FI,D1)
- Documento de dereitos e deberes das familias (FI,D2)
- Contrato educativo de ingreso (FI,D3)
- Contrato familiar (FI,D4)
- Documento de identificación (FI,D5)
- Exemplo de plan de traballo provisional (FI,D6)
- Informe de notificación de ingreso (FI,D7)
- Documento de dereitos e deberes dos adolescentes. Texto adaptado (FI,D8)
- Documento de normas de funcionamento. Texto adaptado (FI,D9)
- Documento de Recibín documentación (FI,D10)
- GECEM. Programa informático de xestión do Programa de Atención de Día. Rexístranse as diferentes fichas, área persoal, área xudicial, área familiar, área relacional, área formativo/laboral e área de saúde.
- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Expediente do Adolescente (Inclúe documentación administrativa, sanitaria, educativa e outros.)

Fase 2. Acollida e Valoración:

- Plan de caso
- Informe Inicial (FAV,D1)
- Rexistro de características de saúde (FAV,D2)
- Rexistro de medicación (FAV,D3)
- Rexistro Semanal de Avaliación (FAVD4)
- Rexistro de Medidas Corretivas e Reforzo Educativo (FAVD5)
- Escala de Observación (FAVD6)
- Documento Obxectivos Persoais (FAVD7)
- Documento Obxectivos Familiares (FAVD8)
- Documento de Necesidades (FAVD9)
- GECEM: intervencións, grupos,...
- Rexistros de Informes

- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Rexistro de saídas e visitas
- Rexistro de Reforzos Educativos e Medidas Correctivas

Fase 3. Intervención

- Proxecto Educativo Individualizado PEI (FAV, D4)/ Proposta de Programa Individualizado de Execución da Medida, PPIEM
- Informe de Seguimento do PEI (FINT, D1)
- Informe de Incidencias (FINT, D2)
- GECEM (Intervencións, Grupos, Fichas)
- Rexistro Informes
- Enquisas avaliación
- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Rexistro de saídas e visitas
- Rexistro de Administración medicación
- Rexistro de Reforzos Educativos e Medidas Correctivas

Fase 4: Preparación Alta Educativa ou Baixa

- Informe Final (FAB, D1)
- Notificación de Baixa (FAB, D2)
- GECEM: intervencións, Grupos,...
- Rexistro Informes
- Enquisa satisfacción final
- Rexistro de queixas e reclamacións
- Follas de suxestións
- Rexistro de Reforzos Educativos e Medidas Correctivas

Fase 5: O Centro como Recurso de Referencia (Programa Post-institucional)

- GECEM: Intervencións, Grupos,...
- Enquisa Postinstitucional


Ademais dos **Recursos Técnicos** propios da intervención cos adolescentes e as súas familias, é fundamental sinalar outros que son igualmente fundamentais para a **coordinación do Equipo Educativo**:

- Libro de Actas das Reunións de Análise de casos e Intervención Educativa
- Libro de Actas das Reunións de Organización
- Libro de Incidencias Diario
- Libro de Actas do Comité de Calidade
- Libro de usuarios e usuarias
- Memoria Anual
- Programación Anual
- Planilla de Organización do Centro de Día

A maiores de toda esta **documentación** están as carpetas de cada **programa específico**, a súa documentación e materiais propios.

GECEM: VALORACIÓN DA EFICACIA E USO PRÁCTICO DO MESMO

É sabido que para o Equipo Psicoeducativo de Adolescentes Alborada, Atención de Día é fundamental como soporte Técnico o programa informático propio co que contamos: GECEM. Unha útil ferramenta de traballo para como rexistro de actividades e intervencións, como apoio para a elaboración de informes, axenda, elaboración da memoria anual, ...



The screenshot shows the GECEM software interface. On the left, there is a form for entering data for a minor, including fields for name, surnames, D.N.I., S.S., team reference, and date. On the right, there is a table with columns for 'Fecha', 'Profesional', and 'Intervención'. The table lists various interventions and activities performed by different professionals over time.

Fecha	Profesional	Intervención
07/09/2010	MARÍA BESADA MONTEGRI	INTERVENCIÓN EDUCATIVA INDIVIDUAL
07/09/2010	ALFONSO LOPEZ OTERO	VISITA ESCOLAR
07/09/2010	ALFONSO LOPEZ OTERO	COORDINACIÓN DE RECURSOS
07/09/2010	ALFONSO LOPEZ OTERO	COORDINACIÓN DE RECURSOS
08/09/2010	ALFONSO LOPEZ OTERO	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
25/08/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
25/08/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
11/08/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
08/08/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
05/08/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
27/07/2010	MANUEL MUÑOZ COLLAZO	INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA INDIVIDUAL
22/07/2010	NICOLÁS DOMÍNGUEZ	TÉCNICOS
22/07/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
22/07/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
22/07/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	INTERVENCIÓN EDUCATIVA INDIVIDUAL
22/07/2010	ALFONSO LOPEZ OTERO	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
21/07/2010	JANA LUGA BOLA TALO	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
21/07/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
21/07/2010	ARANTZAZU ANDONEGUI FREI	CONTACTO TELEFÓNICO FAMILIA
20/07/2010	MANUEL MUÑOZ COLLAZO	INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA INDIVIDUAL
19/07/2010	NICOLÁS DOMÍNGUEZ	INTERVENCIÓN EDUCATIVA CON LA FAMILIA
16/07/2010	NICOLÁS DOMÍNGUEZ	ENTREVISTA SERVICIO HEREDOS
14/07/2010	NICOLÁS DOMÍNGUEZ	TÉCNICOS

ACORDAMOS CITA MARTES A LAS 9:00 ORIENTADORA

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O ANO PRÓXIMO NESTA ÁREA

As propostas de mellora pasan por insistir na adecuada utilización de xeito grupal e colectivo do GECEM e as súas posibilidades como ferramenta de organización do día a día. Tamén temos previsto, como proposta de mellora, avanzar no sistema automático de copias de seguridade de todo o soporte informático.

Por outra banda, no 2024 avanzaremos no emprego do programa CENPOS como nova ferramenta informática de Adolescentes Alborada, Atención de Día.



5.4 RECURSOS EXTERNOS

PARTICIPACIÓN ESTABLECIDA CON AXENTES EXTERNOS AO CENTRO

Dende o momento que un/ha adolescente causa alta en Atención de Día, vanse deseñando as diferentes áreas nas que se vai traballar con él/a e maila súa familia. Iso implica, ademais dun traballo por parte dos profesionais, unha coordinación con outras entidades, coas que imos traballar en rede dependendo das necesidades que atopemos no/a mozo/a ou na súa familia. Así, durante todo o ano mantívose comunicación cunha grande cantidade de recursos externos. Con algúns hai un traballo de coordinación case que a diario e con outros de forma mais puntual, pero todos eles fanse imprescindibles no noso traballo diario.

Dividimos os recursos segundo a área no cal interveña o mesmo, así podemos falar de **Seguimento Escolar, Búsqueda de Emprego, Recursos Educativos, Ocio e Tempo de Lecer, Infraestruturas, Recursos Sanitarios e de Saúde e Outros.**

No referente ao **Seguimento Escolar**, temos contacto de primeira man cos I.E.S. e colexios, co profesorado, titores/as, xefes/as de estudo e orientadoras/es, para realizar o seguimento de cada adolescente e traballar en coordinación con eles. Asemade, no 2023 comezamos a colaborar co AVA, atención virtual do alumnado recurso derivado da Atención Educativa Domiciliaria da Consellería de Educación. Ademais colaboramos con Inspección de Educación (Vigo) e os Equipos de Orientación Específica (Trastornos de Conduta).

Na **Orientación Laboral** botamos man de diferentes recursos comunitarios. Así, citas cos orientadores laborais do SEPE, Emprego Galicia ou outras organizacións, empresas privadas ou dispositivos do administración para acadar oportunidades de formación ou traballo.

Os **recursos educativos** non formais cos que se traballa facilitan a oportunidade dunha formación persoal para as persoas menores nalgunha preferencia determinada. Prácticas en perruquerías, voluntariado e participación no deporte, música, uso da informática na vida diaria, prevención na sexualidade, son algúns dos cursos que fixeron os/as adolescentes.

No **ocio e tempo de lecer** tívose relación con recursos do concello ou incluso da provincia, sobre todo os relacionados co deporte e actividades ao aire libre.

As **infraestruturas** empregadas doutros recursos seguen sendo importantes no desenvolvemento diario do Centro. Por exemplo para os desprazamentos (Vitrasa), lugares onde podemos atopar información doutras actividades (Casa da Xuventude) ou empregamos para a realización de intervencións e actividades fóra do centro (Secretariado Xitano, Centro Cívico de Teis).

Outros recursos cos que existiu coordinación durante o pasado ano foron corpos da policía local, autonómica e nacional, Xulgados, Fiscalía de Menores, Servizo de Menores, outros Centros do Sistema de Protección e contactos puntuais con universidades, Cruz Vermella, ...

O listado de recursos aparece recollido no apartado **3.20 Recursos Comunitarios Empregados Dende a Atención De Día**.

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O ANO PRÓXIMO NESTA ÁREA

As propostas de mellora nesta área cara o vindeiro ano pasan pola recuperación dos plans de acción elaborados a raíz da posta en marcha do **Plan de Calidade** que afectan a relación cos Recursos Externos:

- **Plan de Mellora das Relacións Institucionais**, retomar o directorio de Recursos Externos, establecendo planos de visita a diferentes institucións e rentabilizar, aínda máis se cabe, a pertenza a ACLAD Alborada.
- **Plan de Avaliación**, derivado dun **Plano de Mellora** realizado no 2015, que aposta por continuar coa sistematización dunha enquisa anual aos Equipos Técnicos do Servizo de Menores que inclúe un tríptico informativo do programa e actividades de Atención de Día.



5.5 RESUMO DA MEMORIA ECONÓMICA

PRESUPOSTO E OUTRAS FONTES DE FINANZAMENTO

O ingreso anual do “Adolescentes Alborada, Atención de Día” foi no ano 2023 de 374.220,48€. Esta cantidade provén dos 10 meses de contrato coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, de xaneiro a outubro, 290.872€ e do Concerto Social, de prazas de atención de día dirixidas a nenos, nenas e adolescentes con medida de protección (código de procedemento BS213K), desenvolvido dende o mes de novembro cun montante de 83.348,48€ sendo estas as únicas fontes de financiamento. Non temos nin cotas de socios, nin donativos nin outras subvencións.

AVALIACIÓN DOS GASTOS REALIZADOS

VIABILIDADE DOS PROXECTOS EMPRENDIDOS

Un ano máis, acadouse equilibrar os gastos e os ingresos a base de axustar os gastos emprendendo plans de aforro en conceptos como material funxible, luz, telefono, etc.

Estes planos de aforro fixeron que os proxectos e actividades realizadas o longo do ano foran viables e repercutiran positivamente nos/as usuarios e usuarias do servizo.

Tamén neste ano revisáronse os modelos de xestión económica de “Adolescentes Alborada, Atención de Día” e elaboráronse os Protocolos de Xestión Económica que abranguen tres grandes partidas de gasto que denominamos Gastos Correntes Ordinarios, Gastos Correntes Extraordinarios e Gastos de Peto.



6. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS REALIZADOS EN ATENCIÓN DE DÍA

6.1 SERVIZO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA PARA ADOLESCENTES E FAMILIAS (SIPAF)

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O Servizo de Intervención Psicolóxica para Adolescentes e Familias (SIPAF) se constitúe non só nunha actividade máis de “Adolescentes Alborada, Atención de Día”, senón nun eixo vertebrador ou unha estación intermodal que inflúe e resulta influenciada por cada unha das diversas áreas e actividades que se prestan no centro. Cunha perspectiva integradora tanto cara as persoas menores coma as súas familias, trata de co-construír un camiño sobre o que planificar a intervención con uns obxectivos xerais e específicos de actuación, circunscribíndose nas esferas do desenvolvemento persoal, familiar e relacional que tratan de promover a competencia persoal e social do suxeito, a súa adaptabilidade fronte a aqueles estilos de vida pouco saudables e mesmo antisociais. Polo tanto constitúe propiamente o programa sobre o que pivota o tratamento integral. Así pois, tentará incidir sobre o conxunto de factores individuais, sociais e ambientais que poden previr ou reducir a probabilidade de desenvolver desordes ou condutas inadaptadas e potenciar ao máximo, e na medida do posible, aqueles outros factores protectores.

As temáticas tratadas nas que se traballan os obxectivos específicos da intervención están orientados a desenvolver nos adolescentes maior adecuación no afrontamento das dificultades persoais, familiares, educativos, sociais, etc, así coma enriquecer aos pais/nais e acolledores con habilidades e recursos máis efectivos e eficientes no exercicio da parentalidade, se distribúen en programas cos seguintes contidos e obxectivos específicos, recollidos nos diversos programas de forma ilustrativa do seguinte xeito:

1. **PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL**
2. **PROGRAMA DE ATENCIÓN A MENORES QUE USAN DROGAS**
3. **PROGRAMA ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DOS COMPORTAMENTOS VIOLENTOS E FOMENTO DAS HABILIDADES PROSOCIAIS E DO RAZOAMENTO MORAL**

4. PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN NEUROPSICOLÓGICA E PSICOMOTRIZ**5. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO MALTRATO****6. PROGRAMA DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN NO ABUSO SEXUAL INFANTIL**

- a. A persoa menor como suxeito activo da violencia doméstica. (violencia filioparental ou maltrato ascendente)
- b. A persoa menor como suxeito activo da violencia de xénero
- c. A persoa menor como suxeito activo da violencia cara ós iguais
- d. Programa prevención e tratamento para familias con prácticas de diversas formas de maltrato
- e. Programa de tratamento con vítimas de violencia

7. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO SOCIORRELACIONAL**8. PROGRAMA FORMATIVO / LABORAL****9. PROGRAMA OCIO E TEMPO DE LECER****10. PROGRAMA ENCONTROS. Intervención grupal para Familias****Destinatarios**

As persoas adolescentes e as familias usuarias do Centro de Día.

Metodoloxía

O formato é xeralmente individual e familiar, aínda que as veces realizáronse algunhas intervencións puntuais en pequeno grupo con outros menores do centro no propio centro, e en contextos comunitarios, fomentando a participación activa e reflexiva.

A intervención comeza en canto se ten coñecemento da chegada dun/dunha adolescente ao centro. Inicialmente se explora o coñecemento que o menor ten da súa situación real máis inmediata, así como dos motivos do ingreso no centro e se reúne a información dispoñible acerca do mesmo e das circunstancias que deron lugar a adopción deste recurso, así coma o plan de caso elaborado polos ETM do Servizo de Menores. Nese intre comeza a intervención-avaliación psicolóxica propiamente dita, e o proceso de avaliación continua, que levase a cabo mediante seguimento continuado xunto coa aplicación de diversas probas psicométricas, complementadas cas entrevistas mantidas co menor e familias e as propostas que tamén se reciben desde o equipo educativo do centro e outros profesionais implicados co mesmo.

Responsable

O psicólogo do Centro

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa está rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

- Exploración individual e/ou colectiva de aspectos motivacionais, aptitudinais e prevención de posibles dificultades escolares e aplicación de probas de aptitudes diferenciais e xerais.
- Proposta de intervención Psicolóxica P.I.P. (adaptación social e emocional; integración escolar; orientación escolar e / ou profesional; intervencións terapéuticas)
- Recollida de demandas específicas dos educadores, menores, familiares e profesores, etc.
- Estimación Inicial do nivel de risco nos casos en que se precisa.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Dende o modelo competencial no que se sitúa o Servizo de Intervención Psicolóxica se atendeu especialmente as **necesidades do menor**, afondando non só nas súas características persoais, senón tamén, na súa contextualización e nas circunstancias que concorren na vida deste e que teñen que ver ou están asociadas co seu estilo de vida.

Tendo presente a heteroxeneidade dos e das adolescentes, a situación de variabilidade persoal, sociofamiliar e en definitiva vital, require da atención psicolóxica unha flexibilidade non só nos *procedimentos*, mesmo tamén nos *tempos de intervención* e utilización de diversas estratexias motivacionais. Dende esta perspectiva, se incidiu nas principais áreas de desenvolvemento das persoas menores (fundamentalmente as competencias de desenvolvemento persoal e repercusións na saúde física e psíquica; na área familiar; escolar; formativo; sociorrelacional e na xestión do tempo de lecer) segundo a relevancia ou urxencia de cada unha delas. Ademais e transversalmente tamén se traballa na adquisición daquelas destrezas e habilidades prosociais e fomento das atitudes e principios da igualdade de oportunidades, que permitiran unha maior adecuación das súas condicións vitais.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

A intervención psicolóxica está en consonancia co programa educativo individualizado e permite a estruturación e consecución dos obxectivos das outras áreas e programas. Esta persoalización esixe un seguimento e actuacións coordinadas por parte de todos os profesionais implicados. A avaliación de cada caso faise de maneira continua, con reunións periódicas de seguimento e revisión de obxectivos, onde se perfila unha valoración do proceso, que permita ir reorientando a intervención en función dos resultados obtidos. Así as cousas e debido a complexidade que presentan, xunto coa multiplicidade de variables presentes, non sempre conséguense acadar uns resultados satisfactorios e equilibrados en todos os contidos tratados.

A finalidade última tenta incidir e potenciar dun xeito significativo o desenvolvemento dos posibles factores protectores individuais, sociais e ambientais que poden previr ou reducir a probabilidade de desenvolver desordes comportamentais e na súa saúde física ou psíquica, para así facilitar o desenvolvemento integral do/da menor, acompañandoo, reforzando e buscando o xeito de compensar as necesidades detectadas.

En canto aos **obxectivos acadados**:

- Durante o tempo que o/a adolescente está de alta no centro, establecéronse periodicamente citas de seguimento coa propia persoa menor e as demais partes ou subsistemas implicadas e relevantes (fundamentalmente a familia)
- Planificáronse **propostas de intervención psicopedagóxica (P.I.P)** coa finalidade de posibilitar a realización de programas dirixidos a súa recuperación escolar e socioafectiva.
- Realizáronse actividades de coordinación co resto dos profesionais do centro, coa finalidade de mellorar o desenvolver as actividades diarias do centro.
- Prestouse orientación, atención e apoio as familias acerca da evolución da persoa menor.
- Participouse en actividades e colaboracións con outras institucións e profesionais vinculados ao traballo con nenos, nenas e adolescentes, cunha óptica de intervención comunitaria ou de rede (Ex. coa rede asistencial de saúde e da SM, así coma coa Unidade de Prevención de Suicidios (UPS) que recentemente implantou o SERGAS)

As exploracións e avaliacións individuais e/ou colectivas dos e das adolescentes requiriron unha avaliación continuada durante todas as fases da súa estancia no programa de Atención de Día. Cada persoa menor ten a súa propia especificidade, e ingresan no centro en distintos momentos do ano, polo que a abordaxe será necesariamente individualizada, aínda que en ocasións tamén se puideron realizar actuacións grupais relacionadas coas áreas e subprogramas específicos.

A nivel xeral no relativo a atención psicolóxica desenvolvida en “Adolescentes Alborada, Atención de Día” participaron **trinta e unha persoas menores**, colaborando tamén un bo número das súas familias (**20 familias**) que supón **66 %** do total.

Analizando os datos dun xeito máis pormenorizado atopámonos que especificamente traballáronse os contidos:

Programas específicos	Ano 2023 Adolescentes	%
Desenvolvemento Persoal	25	81
Atención a Menores que Usan Drogas	17	54
Prevenção dos Comportamentos Violentos e Fomento das Habilidades Prosociais e Razoamento Moral	16	51
Programa de estimulación neuropsicolóxica e psicomotriz	2	6
Programa de intervención no maltrato	36	34
Programa de Intervención en A.S.I.	4	13
Desenvolvemento Sociorrelacional e tempo de lecer	24	77
Programa da Área Formativo Laboral	22	71
Total de menores de alta	31	100
Atención as familias (individualizada/conxunta)	Familias	%
Total de familias participantes	20	66

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Como ven sendo habitual a atención psicolóxica parte en principio dun posicionamento un tanto paradóxico, no que se combina a función de axuda pero desde un contexto de control. Ademais, non soe existir voluntariedade inicialmente e menos petición de axuda, nin por parte dos menores, nin tampouco en ocasións por parte das familias, en ocasións encuberta. Inicialmente as máis das veces tampouco posúen axeitada conciencia dos déficits, noutros casos esta constitúe cicáis outra tentativa profesional máis, despois doutras moitas que fracasaron ou non conseguiron acadar uns bos resultados, é a situación tornouse todavía máis insostible e limitante con características xa de cronicidade. Nembargantes, compre sinalar o feito de que conseguiuase as máis das veces crear neste espazo terapéutico un clima favorecedor de cambios relevantes.

Respecto aos resultados acadados e en canto ao grado de participación foi satisfactoria e acadando progresivamente certas cotas de normalidade comezando a deixar atrás as restricións dos últimos tempos . En canto a distribución nos subprogramas específicos, a maior participación localizouse nos seguintes ámbitos: desenvolvemento persoal, prevención de comportamentos violentos e fomento das habilidades prosociais, así como do desenvolvemento sociorelacional e formativo laboral, seguido da intervención no maltrato e a atención a menores que usan drogas.

Os principais actores da intervención (menores e familias participantes) recoñeceron avances e obtiveron resultados satisfactorios, tendo en conta aos obxectivos fixados ou co-elaborados nos respectivos PEIs. Nos casos nos que non se conseguiron avances, estiveron xustificados pola confluencia de varios factores (falta de colaboración dalgunha das partes ou de ningunha delas, ou polo feito de ter interrompida a súa estancia debido a suspensión da medida ou traslado do menor a outro recurso). Neses casos nos que non se conseguiron avances significativos, as veces tamén tiveron influencia algunhas condicións da cronicidade no seo familiar, con vínculos relacionais seriamente deteriorados ou danados nos que foi infrutuosa calquera tentativa de aproximación.

En xeral, observouse unha maior adecuación da conduta cunha menor presenza ou atenuación nas alteracións comportamentais que presentaban inicialmente, así coma unha progresión ascendente na adquisición ou desenvolvemento das capacidades individuais sociais. Tamén conseguiuuse traballar de maneira conxunta e colaborativa coa maior parte das familias atendidas.


6.2.PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO MALTRATO

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O Programa desenvolveu a intervención no maltrato dende tres liñas temáticas diferentes aínda que o primeiro desdóbrase en dous, a saber:

Un programa de intervención con adolescentes que se subdivide en:

- a) Programa de intervención con persoas menores que exercen maltrato nos seus fogares
- b) Programa de intervención con persoas menores que exercen maltrato nas súas relacións de parella
- c) Programa de intervención con persoas menores que exercen maltrato cos iguais
- d) Programa de prevención e tratamento para familias con prácticas de diversas formas de maltrato
- e) Programa de tratamento a vítimas de maltrato



O fenómeno do maltrato e en xeral a violencia (do tipo que sexa) non só constitúe un problema social de profunda relevancia, senón que nun número bastante considerable dos mozos e mozas atendidos no centro de día tiveron padecido, presenciado, xerado, participado de comportamentos maltratantes aínda que con diferente grado de responsabilidade, e fonda afectación deste fenómeno noutras esferas da súa vida persoal, social e as veces tamén delinencial. Neses casos, a intervención nesta área foi case unha constante que definiu ou caracterizou o eixo central dos seus diversos programas educativos.

Destinatarios

Trátase dun bloque de programas psicoeducativos, que parte doutro máis amplo, dirixido a *mozos/as* de alta no centro de día, que tiveran algún tipo de responsabilidade (directa, indirecta, coma suxeitos activos ou pasivos) co tema de maltrato, xa sexa no ámbito familiar ou nas súas relacións afectivas ou de parella, e nas relacións cos iguais ou ben que tiveran sufrido directa ou indirectamente, actuais ou pasadas algún tipo de vivencia maltratante e lles puidera estar a influír no seu desenvolvemento actual. Por outra banda tamén se dirixe, complementariamente, *as familias* que se viron involucradas dalgunha maneira nestas situacións, sempre que a situación fose propicia en non xerarse riscos polo desenvolvemento do mesmo

Metodoloxía

Esta será de tipo activo e participativa. O formato foi en xeral individual, pero sempre atendendo fundamentalmente a protección dos membros máis vulnerables e só permitindo intervencións conxunta **unicamente** cando os riscos eran mínimos e resultaba convinte no momento procesual

Tras o coñecemento da situación do menor (mediante as entrevistas con este, a aplicación das probas psicolóxicas, entrevistas coas familias destes, a análise da documentación aportada...) se explora tamén o grado de coñecemento que ten o propio menor da súa situación administrativa ou xudicial. Do mesmo modo, resulta necesario coñecer as motivacións para delinquir, coñecer que pensan respecto a conduta violenta, a súa utilización, o grado de preocupación que lles xera, as dificultades no manexo do autocontrol así coma a interiorización da propia conciencia do problema, dado que isto é un importante factor de prognóstico.

Responsible

O psicólogo do Programa

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada sesión e cada intervención do programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas...

Entre os materiais sobre os que se traballa contamos no centro con material elaborado desde propio centro, outros elaborados e publicados por diversas entidades de especial vinculación coa temática da violencia de xénero, violencia intrafamiliar ou entre iguais, así coma aqueles relacionados coa reeducación e reinserción do menor infractor e outros materiais actualizados sobre intervencións en comportamentos violentos.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Este programa en conxunto vincúlase dun xeito *transversal* coas outras áreas de intervención psicolóxica e demais bloques programáticos reflectidos nos seus PEIS. Segundo as características da tipoloxía da violencia familiar se tiveron en conta os seguintes aspectos para o seu deseño:

1. O procedemento terapéutico facilita o cambio dos comportamentos abusivos facilitar a intrusión paulatina de modelaxe de parentalidade sá.
2. Axudar na elaboración do carácter traumático desas experiencias.
3. Posteriormente, tratará de facilitar o diálogo e a emerxencia de pautas comportamentais e de comunicación.
4. Ten que poñer nome ao horror e ao abuso e identificar aos actores (quen é quen).
5. Debe identificar cal é a responsabilidade de cada quen
6. Axudar a tomar conciencia dos mecanismos relacionais e transxeracionais que xeraron o drama
7. Facilitar que a vítima se identifique como tal, así como a vivencia e expresión construtiva do odio, como algo xenuíno
8. Axudar a tomar conciencia dos mecanismos relacionais e transxeracionais que xeraron o drama
9. Cos proxenitores é importante:
 - Ofertarlles a posibilidade de rehabilitalos como seres humanos.
 - Axudarlles a asumir a responsabilidade e poder reparar legal e simbolicamente os danos ocasionados.
 - Brindar a posibilidade de asistencia psicolóxica e socioeducativa para axudarlles a atopar alternativas de relación que exclúan a violencia

Os contidos programáticos foron elaborados co propósito de incidir na distinta dimensión que conleva a responsabilidade persoal de cada quen, aínda que cos matices específicos de cada manifestación tipolóxica e o papel que lle tocaba a cada quen dentro destas situacións, separando a intervención coas vítimas, daquelas outras centradas nos agresores.

Na modalidade do **tratamento para Vítimas de Maltrato** a finalidade principal consistiu en co-construír unha axuda axeitada que asegure unha adecuada resposta protectora e/ou terapéutica acorde ás necesidades das persoas expostas á violencia. Primeiramente, tratando de elaborar estratexias preventivas que permitiran coñecer e recoñecer as situacións de violencia nas que poden atoparse, informalos dos recursos específicos en materia de protección a vítimas, e

posteriormente os obxectivos se dirixiron á redución do impacto psicolóxico derivado da violencia sufrida, así coma á potenciación dos recursos psicolóxicos e persoais claves, facilitadores cara o proceso de reestruturación dunha vida autónoma e libre de violencia.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

A temporalización do programa estivo mediatizada polas necesidades da persoa menor destinataria (situación persoal, horario de actividades, apoio familiar, estudos que realiza,...) en base ao principio de individualización e en consonancia cos obxectivos propostos no seu P.E.I.

En todos os casos, a avaliación foi continua, global, formativa e integradora en consonancia coa evolución do/a adolescente, a avaliación do proceso e dos recursos humanos e materiais.

As veces a intervención iniciábase ao sospeitar da existencia de este fenómeno no seo da familia, todavía non recoñecidos expresamente, nin revelados, nin xudicializadas en outros casos coñeciase porque así constaba nos expedientes de protección ou de reforma, ou existían fundamentadas sospeitas de que esas condutas puideran aparecer.

A metodoloxía activa e participativa e os contidos traballáronse en sesións individuais, as veces sesións familiares con/sen a presenza do menor, ou tamén en sesións grupais con outras familias de usuarios e usuarias do centro, pero sempre coidando a vulnerabilidade e riscos daquelas persoas susceptibles de estar inmersas nalgunha situación maltratante.

Dadas as peculiaridades de cada modalidade, así coma a gran heteroxeneidade da poboación diana e a falta de estabilidade, non tiña un número fixo de sesións, estendéndose estas en función das necesidades existentes. Fíxose fincapé na individualización en consonancia cos obxectivos do P.E.I. do adolescente, atendendo a especificidade de cada familia; atendendo as necesidades dos e das adolescentes e indicadores de risco, ademais da situación procesual na que se atopaban.

No caso da intervención coas familias resultaba especialmente dificultoso acceder as veces, debido ao non recoñecemento da responsabilidade nas situacións maltratantes, a defensividade que presentaban, a falta de implicación. Nestes casos, a escasa colaboración e baixa implicación era coincidente coas demais actividades do centro.

Nestes casos pode ser de utilidade o emprego daqueles materiais dispoñibles para facer unha valoración dos riscos de reincidencia.

Programa de Intervención no Maltrato	Nº de Participantes	
	Nº	%
Programas Específicos		
Programa de Intervención con Menores que Exercent o Maltrato nos seus Fogares ou nas Relacións de Parella	12	39
Maltrato entre iguais	4	13
Programa de Prevención e Tratamento para Familias con Prácticas de Diversas Formas de Maltrato	15	48
Tratamento con Víctimas de Violencia	9	29

Os contidos fundamentais desenvolvidos no programa foron os seguintes:

- Aceptación da propia responsabilidade
- Definición de violencia: tipos de violencia.
- A violencia de xénero. Que é e cales son os mitos entorno a ela.
- As relacións de apego e os subtipos deste. Control emocional
- Entrenamento en habilidades sociais (comunicación, asertividade, resolución de problemas, etc.)
- Empatía e expresión de emocións.
- Modificación das crenzas irracionais en canto o uso da violencia e respecto o xénero
- Prevención de recaídas

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

O punto de enfoque estivo fixado nos danos que estas condutas xeran nas persoas que a sofren, así coma coñecemento, análise e intervención nos principais factores que participan na súa xénese, ou teñen algún tipo de relación directa o non con algunha ou varias das súas modalidades. Ás veces, estas situacións podían aparecer mesturadas polo que nunha mesma familia ou mesmo nunha mesma persoa requiría de aplicar estratexias distintas e mesmo contrapostas (víctima-agresor-testemuña).

Inicialmente avalíouse se os proxenitores dispoñen de recursos mínimos para asegurar un crecemento e desenvolvemento san e se deseñan as intervencións que permitan complementar naqueles aspectos nos que amosen incompetencias e deficiencias. Posteriormente se avalía a reversibilidade/irreversibilidade das competencias parentais diferenciando o seu carácter transitorio ou circunstancial, a severidade e/ou cronicidade e outros niveis de toxicidade parental.

No relativo aos obxectivos acadados debe reseñarse que:

- O obxectivo xenérico dos programas de intervención no maltrato consistiu primordialmente en diminuír e facer desaparecer as condutas de maltrato, calquera que sexa o tipo que sexa e de maneira auxiliar, substituír estas por outras condutas alternativas.
- O deseño dos programas é moi amplo e global, aínda que se adaptou en cada caso a súa especificidade.
- Os recursos técnicos, materiais e humanos foron os axeitados.
- Tamén se traballou na identificación e recoñecemento do fenómeno do maltrato como xeito inadecuado de relacionarse dunhas persoas con respecto a outras, e vincularse patoloxicamente entre elas.

Os datos extraídos na avaliación a curto prazo do programa estarían fundamentados primordialmente nas observacións conductuais: *Asistencia, puntualidade, participación, asimilación de conceptos, entrenamiento habilidades; dominio da habilidade; xeneralización en situacións naturais.*

Non existe polo momento unha axeitada metodoloxía de seguimento que poida empregarse para facer seguimento dos resultados, e poder avaliar a estabilidade ou non no tempo dos logros, ao non poderse facer un seguimento a medio prazo. Non obstante é de supoñer que naqueles casos das familias que recoñeceran con responsabilidade as súas accións, o programa terá un maior impacto, que aqueles outros nos que non se conseguiu negociar uns obxectivos comúns e tampouco tiveron unha axeitada implicación co resto do programa de centro de día, ao partir dun criterio de certa obrigatoriedade, ou ben non recoñeceron en absoluto unha autoresponsabilización nas súas condutas maltratantes.

6.3 PROGRAMA ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DOS COMPORTAMENTOS VIOLENTOS E FOMENTO DAS HABILIDADES PROSOCIAIS E DO RAZOAMENTO MORAL

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Actualmente a violencia e as condutas agresivas están demasiado presentes nas nosa vidas. Moitos dos/as adolescentes que asisten ao Centro de Día carecen da capacidade de dominar os seus enfados, reprimir os seus impulsos, escoitar aos demais, poñerse no lugar do outro, sentirse responsables do que fan, etc; levándoos a manifestar condutas agresivas tales como: pegar, insultar, ameazar, humillar, etc. Estes comportamentos son aprendidos polo que observan no seu entorno próximo, en ocasións son comportamentos reforzados e eloxiados polo grupo de iguais ou polo propio poder en si mesmo. Por todo isto dende a familia e as distintas institucións temos a responsabilidade de ensinar habilidades básicas como o autocontrol.

No traballo diario cos adolescentes en Atención de Día, vemos a necesidade de poñer en práctica a Intelixencia Emocional. Consiste basicamente en desenvolver desde unha perspectiva psicoeducativa, da habilidade para detectar e entender as nosas propias emocións, é dicir, saber denominar claramente o estado de ánimo no cal nos atopamos, identificar o modo en que este afecta o noso comportamento e decidir a forma en como expresamos os sentimentos que estes xeran. Facelo permite comportarnos con seguridade, tomar decisións mais acertadas, ter unha mellor relación cos demais e saber cando mudar o rumbo.

En base a estas definicións o que plantexamos é o adestramento en autocontrol ao igual que noutro tipo de intervencións que levamos a cabo. O obxectivo do programa de autocontrol non é a eliminación do problema puntual, se non que o adolescente interiorice unhas técnicas e unha metodoloxía de manexo de situacións que lle permita a abordaxe de outros aspectos

problemáticos. Soamente cando o/a mozo/a sexa capaz de utilizar as técnicas aprendidas por si mesmo poderemos falar de autocontrol.

Destinatarios

Todos os e as adolescentes que no seu PEI apareza reflexado algún obxectivo a alcanzar nesta liña. Para todos os/as adolescentes asistentes e sobre todo os que manifesten condutas antisociais e violentas con carencia de estratexias axeitadas de autocontrol emocional e de resolución de conflitos.

Metodoloxía

A metodoloxía está inspirada na profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de principios que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: *multidisciplinaridade e transdisciplinaridade, individualización, flexibilidade, discernir - valorar: problemática vs. normalización.*

Responsables

O psicólogo e un educador do centro

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

É importante sinalar a ausencia de problemas no deseño das actividades previstas, cumpríndose as diferentes previsións e expectativas. Os contidos foron adaptados dependendo do perfil dos menores asistentes aos distintos obradoiros e foron impartidos de modo axeitado tanto no cumprimento dos tempos coma na programación de actividades complementarias.

O espazo onde se tiñan que desenvolver as actividades foi axeitado, case sempre nun aula adaptada e co material preciso para as actividades, tanto as grupais como as individuais.


AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

No referente a implementación sinalar unha melloría por parte dos menores da súa participación activa nas actividades, sobre todo no relacionado coa atención cara os temas expostos e a solicitude pola súa parte de que se sigan impartindo os obradoiros relacionados con esta temática por consideralos importantes para a súa vida.

Confirmar, igualmente, que custa cada vez mais manter a boa interrelación dos menores en canto ao respecto de quendas de participación e a atención e interese pola materia impartida. Percíbese un aumento maior na disposición dos menores a falar tanto en canto o tema que se comparta sexa máis próximo as súas necesidades persoais.

Os obxectivos, tanto no tema participación activa coma no traballo en pequenos grupos, cumpríronse. Comprobase un avance por parte dalgúns menores no coidado dos materiais audiovisuais que utilizamos de apoio nas diferentes sesións e unha utilización eficaz da posta en práctica noutros contextos nos que se desenvolve o rapaz ou rapaza (familia, centro escolar, grupo de iguais...)

Neste programa, principalmente desenvolto de xeito individual e grupal, participaron un total de **vinte e oito** (28) adolescentes, o que supón un **78 %** dos asistentes ao Programa.



AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Neste apartado comentar a dificultade de traballar con temas interrelacionados dentro dun só título coma é o Autocontrol, xa que abarca moitos campos. A satisfacción dos usuarios deste programa xa convertido nun referente a traballar sempre, por pertencer as características dos perfís dos menores que acoden o noso centro. O feito de traballar en pequenos grupos ou de maneira individual permítenos obter unha maior precisión nos resultados que eles obteñen dos obradoiros. Destacar o descoñecemento ou a dificultade por parte dalgúns menores para entender ou experimentar os beneficios da posta en práctica do que se tratou en liñas xerais.

Chegamos a conclusións moi claras como que seguimos tendo unha poboación mais moza e con grandes carencias en canto a ter asumidos os aprendizaxes neste ámbito. Os instrumentos por parte das persoas menores para afrontarse a situacións de falla de control nas diferentes áreas da vida diaria son inexistentes, están pouco traballados e é moi complicado que nesta etapa os interiricen dun modo axeitado. Tamén destacar a pouca posta en práctica do que se traballa cos menores. Seguen a utilizar as técnicas de sempre, o que os leva a obter fracasos e non obter os verdadeiros beneficios do aprendido.

6.4 PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN NEUROPSICOLÓXICA

DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Pretende complementar o tratamento psicolóxico, modificalo e adaptalo se é preciso, as capacidades cognitivas dos nenos e nenas, ou polo menos xerarlle suficientes dificultades que interfiran no seu proceso normalizado de aprendizaxe. Para elo se require facer unha avaliación previa, non só por medio de probas específicas, senón tamén por medio da observación e do análise da información aportada por terceiros (familias, educadores/as, etc).

O programa de estimulación tamén se emprega naqueles casos nos que resulta inviable ou pouco factible un enfoque psicoterapéutico tradicional, dada a reactancia, a escasa conciencia dos déficits que soen presentar ou porque poden estar enmascarados baixo outras manifestacións condutuais que tentan compensalos.

Destinatarios

Especialmente dirixido a aqueles ou aquelas rapaces dos que se sospeita a posibilidade de presentar posibles alteracións neuropsicolóxicas leves e que podían beneficiarse dun pulo nestas áreas cun plantexamento fundamentalmente participativo e experiencial.

Responsable

O psicólogo do Centro

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

O programa vai dirixido non tanto a corrixir, dado que isto pode requirir un programa específico e rehabilitador dirixido por especialistas nesta área, senón máis ben a **estimular** as súas necesidades cognitivas e ser sensible a outros factores que poden estar influíndo nas dificultades que presentan e lles impiden acadar un rendemento axeitado nas tarefas cotiás e no axuste académico, comportamental e relacional.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Este ano pasado a diferenza doutros anos houbo menos casos de persoas menores susceptibles de traballar especificamente os contidos encadrados no programa de estimulación neuropsicolóxica, aínda que en ocasións sí se estimou convinte utilizar algúns dos mesmos en máis casos dos que aparecen recollidos na táboa, pero non se incluíron nela por ser ocasións excepcionais e non tan relevantes.

O programa non conta cun número fixo de sesións e pode ser variable, de xeito que nalgúns casos pode estenderse durante toda a estancia do mozo/a no Centro de Día. En todo caso, atenderanse as necesidades específicas e os obxectivos explicitados no propio P.E.I.

Programa de Estimulación Neuropsicolóxica	Nº de Participantes	%
	5	14

En canto aos obxectivos perseguidos, incidíuse fundamentalmente na estimulación de determinadas funcións cognitivas, como os procesos atencionais, as funcións executivas; na memoria de traballo que poden afectar a comprensión e a retención de instrucións; o na flexibilidade mental; razoamento, solución de problemas, toma de decisións, pensamento crítico, pensamento lóxico, resolución de conflitos, conduta de elección, razoamento moral, percepción, atribución e abstracción; teoría da mente, ...).

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Debido as características xerais da etapa do desenvolvemento da poboación coa que traballamos no centro, o carácter de contexto de control e a baixa conciencia do déficit que presentan moitas veces os menores e as súas familias, xunto a falta de regularidade na asistencia ao centro destes mesmos, non resulta doado darlle continuidade fixa a esta actividade, polo que os resultados xeralmente aínda que non son negativos, a súa repercusión é discreta, senón se practican as habilidades máis alá das sesións no centro de día.

As veces as deficiencias son sutiles e están enmascaradas polas manifestacións e alteracións comportamentais e de fracaso escolar. Por iso, resultou necesario non só facer unha avaliación previa, mediante probas específicas, senón tamén por medio da observación, e da información aportada por terceiros informantes (familias, educadores etc) e ir avaliando con continuidade durante o proceso da estancia no centro, así tamén de cara a conseguir un maior efecto e consistencia é necesaria conseguir introducir a regularidade.

6.5 PROGRAMA ENCONTROS

Intervención Psicoeducativa Grupal con Familias

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

A intervención cos familias constitúe outro eixo fundamental da intervención psicolóxica que complementa xunto co resto dos programas de intervención uns dos núcleos diana das actividades psicoeducativas desenvolvidas.

Desde este ámbito de intervención xurde con varios obxectivos. Por un lado trata de dar resposta a dúbidas e preguntas habituais nas familias en relación coas preocupacións acerca dos seus fillos e fillas nesta etapa vital ao tempo que facilita a recollida de información de novas e diversas inquedanzas a través dun formato grupal as veces e outras con enfoque individualizado. Por outra banda, trata de favorecer e recordar a importancia que ten a **implicación** destas familias no programa de rehabilitación e reeducación dos seus fillos e fillas. Tamén resulta de gran importancia porque eles son moitas veces os que sofren en primeira persoa as consecuencias das condutas inapropiadas e tamén son eles os que poden exercer de eco reforzador cando se ocorren os esperados progresos afianzándoos cun estilo atribucional máis personalizado e saudable.

Destinatarios

Nais/pais, acolletores ou familiares responsábeis dos/as menores asistentes.

Metodoloxía

A perspectiva da intervención faise desde un enfoque dual. Por unha banda a intervención familiar establécese a través de sesións individualizadas coas familias de cada menor de xeito continuado durante a estancia do menor no centro, nas que tamén poden participar os propios menores e por outro lado en sesións grupais con familias doutros menores, cando se da a disponibilidad de convocar un grupo mínimamente axeitado.

En canto a intervención grupal, cóntase cun guión-marco de sesións, aínda que está sempre aberto a modificacións e alteracións, cando a situación o require ou o propio grupo o demanda.

Responsables


O psicólogo do centro de día e un educador/a

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa están anotadas cada unha das sesións que se realizaron, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

O enfoque que se adoptou tivo un carácter eminentemente experiencial e flexible, cuxa finalidade principal pretendeu dar dende unha abordaxe grupal, unha resposta válida e útil a algunhas das necesidades que as familias manifestaban como representativas e características no manexo das condutas dos seus fillos e fillas.



En canto aos temas que se abordan son os relacionados coa análise do proceso da adolescencia, erros na comunicación e resolución de conflitos; comunicación e alternativas de resolución de conflitos adaptados ao proceso de adolescencia con dificultades; administración dos reforzos positivos e negativos; técnicas de autocontrol e relaxación dende o enfoque da prevención; drogas e condutas de risco

Nos grupos soe haber bastante heteroxeneidade, e nel as familias compartían a súa experiencia diaria co seu fillo ou filla, inquedanzas, problemas, dificultades ou situacións de conflito presentes dende fai tempo e que non sabían xestionar adecuadamente

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Dadas as peculiaridades da poboación beneficiada polo programa, as circunstancias vitais que arrastran e a escasa motivación o implicación a intervención familiar realizada ao longo do ano foi eminentemente individualizada, sen que se poidera constituír un grupo de traballo coa estabilidade precisa que poidera ter continuidade no tempo

6.6 PROGRAMA DE APOIO, REFORZO E ORIENTACIÓN ESCOLAR

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

“Alborada Adolescentes, Atención de Día” constitúese como un programa para adolescentes, de carácter interdisciplinar, que traballa a **educación integral** dos mesmos dende diferentes enfoques. Un destes enfoques sería o enfoque educativo, onde téntase que os menores continúen o proceso escolar e académico interrompido ou non, coa pretensión de integrar á persoa menor, en canto sexa posible, no seu grupo normalizado de referencia ou diminuír, de ser o caso, as condutas disruptivas no centro escolar.

O programa conta cos diferentes Programas Específicos:

- Programa Específico de Apoio e Reforzo Escolar
- Programa Específico de Educación Compensatoria
- Programa Específico de preparación de Probas por libre e/ou EPA
- Programa Específico de Prevención do Absentismo
- Programa Específico de Fomento da Lectura



Destinatarios

A priori todas as e os adolescentes asistentes ao Programa de Atención de Día son destinatarios do programa de orientación escolar. Ben porque están en idade de escolarización obrigatoria ou seguen a cursar estudos sendo maiores de dezaseis anos, ou ben porque, tendo as ensinanzas mínimas inconclusas ou non, hai unha demanda por parte do ou da adolescente de retomar os seus estudos. Todos as persoas menores que no seu PEI apareza reflexado algún obxectivo a alcanzar nesta liña.

Metodoloxía

A metodoloxía a empregar no **Programa**, partindo do **principio de invidualización**, favorecerá un desenvolvemento equilibrado do individuo, impulsará a **autoconfianza e a autoestima**, desterrando da aula calquera tipo de prácticas autoritarias ou descualificadoras, e estimulará a **resolución dos conflitos** por medio do debate e o consenso; proporcionará as condicións para que os e as adolescentes adquiren as aprendizaxes básicas que lles permitan interpretar as linguaxes fundamentais e desenvolver os recursos expresivos co obxecto de mellorar a súa capacidade comunicativa; desenvolverá os conceptos, procedementos e actitudes cos que comprender o espazo físico, biolóxico, xeográfico e ecolóxico, de maneira que poidan intervir criticamente nel; desenvolver experiencias afectivas, sociais e cognitivas que capaciten aos destinatarios e destinatarias para coñecer criticamente a riqueza cultural e histórica legada tanto pola tradición do ámbito cultural galego como polas grandes liñas de tradición cultural universal; e desenvolver experiencias que posibiliten o acceso, manipulación e utilización crítica das fontes de información características da sociedade contemporánea; tamén promoverá nos individuos experiencias, situacións e actividades específicas que favorezan o desenvolvemento de relacións, non só co grupo de iguais, senón tamén coa comunidade adulta, baseadas nos principios de cooperación, diálogo e tolerancia propios da convivencia democrática tentando así evitar actitudes disruptivas; finalmente, deberá abrirse á súa realidade máis próxima e, a partir desa apertura, á realidade social en xeral.

O enfoque do traballo escolar dende Atención de Día ten que ser primordialmente globalizador ou integrado, é dicir, debe partir de realidades significativas para as alumnas e alumnos. A perspectiva globalizadora con que han de estruturarse os contidos non debe prescribir métodos concretos, senón dar pautas para organizar e articular os contidos en secuencias de aprendizaxe, orientadas a un fin concreto con sentido e intencionalidade, e situadas en contextos que favorezan a súa funcionalidade. A aprendizaxe escolar debe ser significativa, en oposición a repetitiva mecánica, establecendo relacións entre os coñecementos previos do alumnado e a nova información.

Tendo en conta as características dos e das adolescentes, é necesario romper a aparente oposición entre xogo e traballo que considera este último asociado ó esforzo para aprender, e o xogo como divertimento e vagar; será doado motivalos a través de actividades presentadas nun contexto lúdico. Igualmente entendemos que a utilización das NNTT é un elemento tremendamente motivador co que presentar as diferentes actividades dentro dun contexto lúdico.

Dende o Programa de Atención de Día entendemos como un elemento esencial da nosa metodoloxía a coordinación e o traballo en rede co centro escolar dos diferentes adolescentes, empregando metodoloxías semellantes e buscando a coherencia entre todos os instrumentos metodolóxicos a empregar e, polo tanto, da súa posta en práctica.

Responsible

A profesora de apoio Andrea Viñal Álvarez

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas. A primeira, onde se recolle o material e actividades realizadas por cada menor participante no programa, gárdanse no armario habilitado a tal efecto no aula de estudo. Unha segunda sería o historial da persoa menor cun apartado habilitado para o área escolar e formativa. E por último, as diferentes intervencións individuais, familiares, contactos telefónicos cos centros escolares, visitas escolares,... recóllense na historia individual de cada adolescente no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores).



AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Dende o Programa de Atención de Día entendemos que para a integración social das persoas menores é necesario potenciar o éxito escolar, facilitando, dende unha perspectiva inclusiva, unhas condicións máis favorables de acceso e desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe aos menores mediante unha serie de programas específicos destinados a incrementar o número de usuarios que progresan adecuadamente ao longo da súa vida escolar ou garantindo a maior adquisición posible das Competencias Educativas Básicas.

Partindo desta premisa avaliamos positivamente o deseño das actividades realizadas dentro deste programa, mais tamén existen dificultades, derivadas na meirande parte dos casos, dos diferentes

problemas de aprendizaxe que presentan os adolescentes, pois a falta de competencias académicas ligadas a un baixo rendemento son os claros antecedentes da problemática coa que se atopan nos centros escolares. Polo que se torna imprescindible a consolidación dos contidos básicos, a adquisición de técnicas de estudo e o reforzo da comprensión lectora. Tamén, en ocasións, a negativa dos propios adolescentes a empregar materiais de apoio, como a axenda escolar, ou non traer o seu material escolar, complica enormemente darlle continuidade ao que están a traballar nos diferentes Institutos.

A estas dificultades habería que sumarlle a imposibilidade, nalgúns casos, de ter un contacto máis fluído co profesorado, titores/as e Departamentos de Orientación, sobre todo nos centros onde se imparte ensinanza non obrigatoria. Con todo, o uso das TIC e ferramentas como o correo electrónico e as mensaxes a través das aulas virtuais, facilitan estas comunicacións.


Respecto aos participantes no Programa Específico de preparación de Probas por libre e/ou EPA, a principal dificultade atopada no deseño da actividade é a falta de compromiso dos mesmos, xa que de forma habitual a súa asistencia ou a súa puntualidade, son irregulares. Cómpre sinalar tamén o baixo nivel académico das persoas menores que se postulan para superar as diferentes probas por libre, xa que, exceptuando as Probas das Competencias Clave da Consellería de Economía, Emprego e Industria, as probas esixen uns coñecementos próximos ao currículo de 4º da ESO e os alumnos e alumnas participantes no programa proveñen, na súa inmensa maioría, de situacións de fracaso escolar onde non chegaron a superar 1º ou 2º, no mellor dos casos, da ensino obrigatorio.

Se a isto se lle suma o baixo esforzo amosado polos adolescentes, que moitas veces consideran que unicamente co traballo desenvolvido no Programa de Atención de Día é máis que suficiente para superar as probas, e o nulo traballo escolar nas súas casas as posibilidades de éxito á hora de superar estas probas vense moi mermadas.

Por outra banda, a motivación no fogar cara aos estudos e o traballo escolar diario é esencial, pero lamentablemente, nunha ampla porcentaxe, a contorna familiar dos adolescentes derivados ao recurso non priorizan este ámbito. Cando os pais non participan activamente en fomentar este ambiente de aprendizaxe, aos mozos e mozas amplíaselles o desafío escolar. A falta de motivación parental inflúe negativamente na actitude dos estudantes cara á educación, dificultando a formación de hábitos fundamentais. É crucial concienciar sobre a importancia da participación dos pais e nais, xa que o seu apoio activo non só inflúe no desempeño académico, senón que tamén contribúe significativamente ao desenvolvemento emocional e social dos seus fillos e fillas.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

O **Programa de Apoio, Reforzo e Orientación Escolar** traballa principalmente a área de desenvolvemento persoal (intelectual/cognitivo, afectivo/emocional e personalidade e actitudes), ademais de fomentar a integración social especialmente no contexto escolar/formativo.



Ao longo do ano 2023 realizáronse 237 sesións grupais dentro do programa, cunha media de case 5 asistentes por sesión. Destas sesións, aproximadamente dúas sextas partes corresponden a sesións grupais do Programa Específico de preparación de Probas por libre e/ou EPA cunha duración de catro horas e media a semana repartidas en varios períodos.

Ao longo do ano 2023 participaron, tanto a nivel individual como en sesións grupais, **vinte e nove** adolescentes, é dicir un **94%** do total.

Atendendo aos diferentes programas específicos nos que se divide e entendendo que houbo participantes que ao longo do ano participaron en varios, podemos sinalar:

- *Programa Específico de Apoio e Reforzo Escolar*, foron incluídos neste programa **vinte e seis** (26) adolescentes, un **89%** dos asistentes.
- *Programa Específico de Educación Compensatoria*, participaron **dous** (2) rapaces e rapazas, un **7%**.
- *No Programa Específico de preparación de Probas por libre e/ou EPA*, participaron **seis** (8) mozos e mozas, un **27%**.
- *No Programa Específico de Prevención do Absentismo*, participaron **vinte e un** (21) persoas menores, é dicir un **72%** dos asistentes.
- *Programa Específico de Fomento da Lectura*, participaron neste programa **trece** (13) o que supón un **44%**.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Como xa indicamos no programa participaron un **94%** dos menores asistentes ao Programa de Atención de Día. É unha porcentaxe a valorar positivamente, ademais, soamente un 3% non estaba escolarizado no momento do seu ingreso.

Mais á hora de desenvolver a valoración do programa realizámola tendo en conta os diferentes Programas Específicos e os resultados académicos dos menores:

- *Programa Específico de Apoio e Reforzo Escolar.* Dos **vinte e sete (26)** participantes, obtiveron unha melloría nos resultados da súa avaliación escolar un 32%. Tendo en conta que un 90% dos casos proviñan de situacións de fracaso escolar hai que valorar positivamente os resultados escolares. No referente as condutas disruptivas no centro escolar, **oito (8)** participantes tiñan problemas comportamentais graves, observando unha melloría no **50%**.
- *Programa Específico de Educación Compensatoria.* No caso dos **dous (2)** participantes traballouse a mellora da súa adquisición das Competencias Básicas e a súa cultura xeral.
- *Programa Específico de preparación de Probas por libre e/ou EPA.* Dos **oito (8)** participantes que prepararon as **Probas das Competencias Clave, catro (4) prepararon as de 2023 e os outros catro (4) as do 2024.**
- *Programa Específico de Prevención do Absentismo.* Durante o ano 2022 asistiron ao Programa de Atención de Día, **vinte e un (21)** persoas menores con **comportamentos absentistas ou risco do mesmo** no contexto escolar, destes atopámonos cunha melloría da conduta absentista ou un mantemento da asistencia a clase nun **33%** dos casos.
- *Programa Específico de Fomento da Lectura.* Dentro dos programas específicos da área escolar, e en comparación co ano anterior, pode observarse unha mellora, xa que foron catorce (14) os participantes, fronte a nove (9) do pasado ano.

Ao comparar os resultados entre o ano pasado e este ano nos diferentes Programas Específicos, pódense observar varias tendencias e cambios significativos.

No Programa Específico de Apoio e Reforzo Escolar, rexistrouse unha mellora nos resultados escolares tanto o ano pasado como neste. Aínda que o número de participantes diminuíu lixeiramente este ano, a mellora nos resultados foi maior, especialmente na redución de problemas comportamentais graves no centro escolar, valorando moi positivamente estes datos.

Doutra banda, o Programa Específico de Educación Compensatoria experimentou unha diminución no número de participantes este ano. Aínda que o programa segue sendo importante para abordar as necesidades específicas dalgúns estudantes, resulta unha porcentaxe baixa, indicando un lixeiro cambio en canto aos perfís académicos dos e as adolescentes que ingresan no recurso.

En canto ao Programa Específico de preparación de Probas por libre e/o EPA, observouse un aumento no número de participantes este ano, indicando unha maior demanda e enfoque na preparación para estas probas.

En referencia ao Programa Específico de Prevención do Absentismo enfrontámonos a algúns desafíos este ano, aínda que tamén hai aspectos positivos que resaltar: Neste 2023, o programa continuou brindando apoio e atención a un maior número de participantes, a pesar dunha lixeira diminución na mellora da conduta absentista en comparación co ano pasado, o feito de que aínda se logrou unha mellora do 33% é alentador. Isto suxire que, aínda que hai traballo por facer, o programa segue sendo efectivo no seu obxectivo de promover a asistencia regular a clase e

reducir o absentismo entre os estudantes. Cun enfoque continuo en identificar e abordar as causas subxacentes do absentismo escolar, espérase que o programa siga tendo un impacto positivo no éxito académico e persoal dos e das adolescentes no futuro.

Por último, o Programa Específico de Fomento da Lectura experimentou un aumento significativo no número de participantes. Este aumento pode reflectir un maior recoñecemento da importancia de fomentar a lectura entre os mozos e mozas e o éxito do programa en xerar interese nesta área. En resumo, aínda que se observan melloras nalgúns programas e áreas específicas, tamén existen desafíos que requiren atención nos perfís do alumnado. É importante continuar avaliando e adaptando os programas segundo sexa necesario para satisfacer as necesidades cambiantes dos e as estudantes e garantir o seu éxito académico e persoal.

6.7 PROGRAMA DE EDUCACIÓN VIARIA

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Algúns dos mozos e mozas que asisten ao Programa de Atención de Día de Adolescentes Alborada, fan uso no seu día a día ou na fin de semana da bicicleta, do skate ou do ciclomotor. O programa está orientado a que coñezan os factores persoais do risco dunha mala educación viaria e as consecuencias, o perigo que conleva e os actos que deben levar na práctica para evitar todo isto. Preténdese tamén ampliar coñecementos, fundamentalmente prácticos, no mundo do tráfico, facéndolles partícipes da importancia e da necesidade dun bo comportamento na vía pública, tanto como peóns, ciclistas, motoristas ou usuarios/as dun transporte.

Participaron neste programa os mozos e mozas usuarias do noso recurso, especialmente aqueles que posúen un ciclomotor, bicicleta ou monopatín e que se vexa a necesidade de intervir sobre esta cuestión.

O obxectivo do mesmo pasa por incrementar a propia seguridade e acadar unha cidadanía máis concienciada, máis informada, reflexiva, dialogante e máis responsable, e polo tanto máis segura.

Unha das necesidades vitais é a eliminación dos riscos que supón o consumo de Drogas e Alcol en relación a Condución, basicamente polo feito de estar directamente relacionado coa etapa da adolescencia; a pesar de que nos últimos anos a mortandade dos mozos e das mozas en accidentes de tráfico estase a reducir, a *Dirección Xeral de Tráfico sinala que seguen supoñendo a primeira causa de mortandade entre os novos/as de 18 a 24 anos e o 57,6% dos/as mozos/as consumen alcol durante as fines de semana.*

Por todo o sinalado anteriormente consideramos que a estancia en Atención de Día é un momento axeitado para que mozos e mozas reciban unha información clara e concisa sobre a Educación Viaria, o consumo de alcol e drogas e a súa relación cos accidentes de tráfico.

Destinatarios

Todos os mozos e mozas asistentes ao Centro, especialmente aqueles que posúan un ciclomotor, bicicleta ou monopatín e que se vexa a necesidade de intervir sobre dita cuestión.

Metodoloxía

A metodoloxía está inspirada na profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

Responsables

O educador Nicolás Domínguez

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os e as participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Este programa tivo unha moi boa aceptación e valoración por parte dos/as persoas menores, xa que abárcanse uns temas que manifestan que son de gran interese para eles/as. Os contidos intentan abordar todo o relacionado co tráfico e os seus elementos, o comportamento responsable do peón, a utilización dos espazos públicos, as sinais e os problemas de consumo de sustancias como alcol e outras drogas. A Policía local acudiu ao noso recurso a facer un taller grupal cos rapaces sendo unha moi boa experiencia por ámbalas dúas partes.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Este obradoiro realizouse nunha sesión grupal cos/as adolescentes, co fin de tentar acadar a concienciación dos/as menores, que estean máis informados, que sexan máis responsables, tanto como peóns, acompañantes ou como condutores de calquera vehículo.

Así, o traballo cos menores centrouse principalmente no tema do alcol e as drogas e a súa relación coa conducción, abarcando tanto os riscos que conleva como as súas consecuencias. As persoas menores valoraron positivamente dita sesión, manifestando a importancia dunha boa aprendizaxe da educación viaria.

Moitos/as deles/as fan uso da bicicleta, do skate, do monopatín ou do ciclomotor, tamén do transporte público e o coche cunha persoa adulta. Todos estes elementos fan que os/as menores xa teñan algún aprendizaxe e algúns hábitos que se intentan trocar a mellor cando non teñen unha boa conduta. O tema do alcol e outras drogas é central no programa pola percepción errónea dos rapaces e das rapazas de que non lle vai pasar nada e é algo habitual en moita xente beber alcohol, consumir drogas e conducir calquera vehículo.

A nivel grupal se realizaron dúas **sesións** na cal contamos con dez e once (**10 e 11**) adolescentes respectivamente, é dicir, un **33%** dos/as asistentes.

En canto a nivel individual traballáronse estes contidos con dúas (**2**) **persoas** menores, un **7%**.

SESIÓN	PARTICIPANTES
Drogas e alcohol na seguridade vial	10
Policía Local	11

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A participación dos mozos e das mozas foi moi positiva, sendo conscientes en todo momento sobre os riscos que conleva o consumo na conducción, así como tamén poseendo unha capacidade de crítica persoal en relación a estes aspectos. Ademais delo, tamén se estableceu unha gran reflexión, a responsabilidade non só e da persoa que vai ao volante senón tamén daquelas que ante dita situación deciden ir como acompañantes. A sesión coa Policía local serviu para achegar a relación do traballo policial coa cidadanía ademais de afondar na problemática xuvenil coa seguridade vial.

6.8 PROGRAMA DE OCIO E TEMPO DE LECER

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

En “Adolescentes Alborada, Atención de Día” consideramos que é de vital importancia promover un correcto e saudable tempo de lecer e do ocio para conseguir unha inserción total e efectiva das persoas adolescentes asistentes ao recurso. En xeral, os nosos adolescentes pasan moito tempo na rúa e con bastante tempo libre, xa que moitos non acoden á escola ou instituto, non realizan tarefas polas tardes e tampouco teñen un emprego.

Ademais, ao tratarse dunha etapa con grandes cambios e períodos de inestabilidade, é necesario que teñan espazos sans de convivencia e actividades lúdicas nas que poder estreitar lazos con iguais, sentirse parte dun grupo e manterse aleixados de posibles conductas de risco.

Non se debe esquecer que o ocio, sobre todo nestas idades, é o espazo onde se crea a propia identidade e, a través deste, é onde transmítense e experimentan normas de conduta e valores que deben ir encamiñados a crear, non a consumir.


É por iso que, cando realizamos saídas en grupo, apostamos por dúas vías: a primeira é que buscamos actividades, na medida do posible, ao aire libre e próximas ao seus lugares de residencia, coa intención de que aprendan e coñezan máis profundamente todos os recursos e lugares que lles rodean e as infinitas opcións que a súa cidade, e a contorna, lles brinda. A segunda vía trátase de chegar a lugares e cidades que están máis lonxe e, por tanto, de difícil acceso para a mocidade, coa finalidade de que poidan coñecer novos lugares que lles rodean.

Outra maneira de guiarlles cara a un ocio saudable é ofrecéndolles, de maneira individual, actividades externas a Adolescentes Alborada relacionadas coas súas afeccións e gustos, coa intención de potenciar as súas habilidades e xerar maior sensación de benestar. Así, cada adolescente pode desfrutar de actividades escollidas por eles mesmos, sexan deportivas, académicas, artísticas...

Deste xeito pretendemos conseguir que non caian nun ocio pasivo, no que pasan a ser seres dependentes de pantallas e obxectos electrónicos e/o tecnolóxicos, converténdose en substitutos da súa vida social, ou que acaben tendo comportamentos delituosos.

Destinatarios

De primeiras, todos os mozos e mozas asistentes ao programa de Atención de Día son destinatarios do Programa de Ocio e Tempo de Lecer. Agora ben, dependendo do seu horario, situación persoal, afeccións, gustos,... varía o modelo de intervención nesta área.



Metodoloxía

A Metodoloxía está inspirada na profesionalización propia de Adolescentes Alborada e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo con cada adolescente. No caso das actividades grupais propias do recurso, planifícanse e recóllense na planificación que se realiza trimestralmente.

Para ter un correcto desenvolvemento nas actividades de Ocio e Tempo de Lecer baseámonos nunha serie de principios que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.



Responsables

As educadoras Lucía Pérez e Esther Vazquez

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada actividade. As actividades dependentes do

programa estarán rexistradas tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), incluíndo se son individuais ou grupais, o título da mesma, recursos empregados, participantes, valoración e incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión. Ademais, as actividades a realizar de maneira grupal quedan reflexadas na planificación de Ocio e Tempo de Lecer que vense realizando trimestralmente.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Este programa intenta fomentar a participación das persoas adolescentes en actividades de todo tipo no seu tempo libre; culturais, deportivas, lúdicas, musicais, etc., individualmente ou en grupo. Hai actividades que fanse dende o Programa de Atención de Día e outras nas que o/a mozo ou moza vai pola súa propia vontade.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Este programa levouse a cabo durante todo o ano, facilitando a participación dos e das adolescentes na maior cantidade de actividades de ocio saudables e educativas, preferentemente con iguais e en espazos normalizados, intentando que lles leven un desenvolvemento positivo da súa personalidade.

Entendemos que as actividades desenvolvidas no Programa de Ocio e Tempo de Lecer son un puntal importante na integración social da rapazada e do seu desenvolvemento persoal.

As actividades lévanse a cabo durante todo o ano pero é durante os períodos non lectivos (vacacións de verán, Nadal, Entroido e a Semana Santa), cando se realizan máis actividades pertencentes a este programa, xa que é cando os e as adolescentes teñen máis tempo libre.

Participaron a nivel **grupal** neste programa **vinte e dous (22)** adolescentes, un **71%** dos asistentes ao centro, realizando un total de trinta e oito (38) actividades propias. (Estas actividades, tanto a nivel individual como grupal, están recollidas nos puntos 3.8 e 3.9) Non obstante, se temos en conta os participantes en actividades a nivel individual e grupal chégase a **vinte e nove (29)** participantes, o que supón un **93%**.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A participación deste programa resalta o éxito que ten, sendo habitual que as persoas usuarias do recurso estean motivadas para este tipo de actividades. Gústalles facer cousas fóra das nosas instalacións, tanto en grupo coma de maneira individual. Mostran moito interese e dan ideas de cousas que facer ou lugares aos que ir nas reunións grupais que se realizan todas as semanas.

6.9 PROGRAMA DÍAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Hai problemáticas do noso entorno e dos nosos modelos de desenvolvemento que poñen de manifesto a falta de actitude crítica e conciencia de cambio da sociedade, estas situacións poden vulnerar os nosos dereitos ou poden poñer en perigo a nosa saúde: violación dos dereitos humanos, deterioro ecolóxico, discriminación, violencia, subdesenvolvemento, etc.

Por todo isto consideramos moi importante comezar a acercarlles aos adolescentes a diversos acontecementos a través dalgunhas datas de interese ao longo do ano que axudarán a crear unha mentalidade máis crítica, dinámica, aberta e tolerante que facilite a incorporación de determinadas condutas e ideoloxías as súas accións na vida cotiá.

Os obradoiros consistirán na ambientación de determinados espazos dentro do centro a través de decoración adaptada á ocasión, murais, trípticos, fotos, música, disfraces, etc. Todo isto estará reforzado coas visitas a distintos puntos de interese relacionados coa temática a resaltar. O calendario de posibles datas a celebrar estará condicionado polo grupo e o momento, xa que hai ocasións nas que hai temáticas para as cales non están preparados.

Destinatarios

Todos/as os/as asistentes ao Centro de Día.

Metodoloxía

A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

Responsable

O educador Nicolás Domínguez

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión

individual ou grupal, o título da sesión, os/as participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

O obradoiro consiste na ambientación de determinados espazos dentro do centro a través de decoración adaptada á ocasión, murais, trípticos, fotos, música, etc. Todo isto estivo reforzado coas visitas a distintos puntos de interese relacionados coa temática a resaltar.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

O calendario de posibles datas a celebrar estará condicionado polo grupo e o momento, xa que hai ocasións nas que hai temáticas para as cales non están preparados ou consideramos que é moi amplo e nalgunha ocasión foinos difícil compaxinar coas actividades xa programadas dentro do centro.

A duración e a posta en marcha das actividades a desempeñar dependen do día a traballar e de si teñen unha repercusión especial no noso entorno. Por exemplo, en relación ao día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller fixemos unha programación de actividades durante toda a semana, intentado abarcar toda esta temática dende diferentes visións, xa fora dende o ámbito das habilidades sociais, da afectividade e sexualidade, da saúde, etc. A nivel xeral, solemos traballar na área de integración social, xa que son contidos que pretenden mellorar a conciencia social.

Neste programa estamos resultando sinxelo alcanzar os obxectivos propostos xa que case sempre amosan moito interese, polo que, continuaremos coas mesmas ferramentas de traballo incidindo nas saídas temáticas, as cales axudan moito a ensalzar a solución a problemática a traballar do día.

Estas xornadas están acompañadas coa realización de obradoiros grupais, nos cales participaron vintecinco (25) menores, é dicir un **80%** do total dos/as asistentes ao Centro.

En total fixéronse 13 actividades cos/as menores referidas aos seguintes días especiais (as veces máis de unha por día):

Xaneiro

30. Día da Paz

Febreiro

20. Día de Xustiza Social

Marzo

8. Día Internacional da Muller

21. Día da Síndrome de Down

Abril

8. Día Internacional do Pobo Xitano

Maio

1. Día do Traballo

8. Día contra o Acoso Escolar

Setembro

21. Día do Alzheimer

Outubro

10. Día Mundial da Saúde Mental

Novembro

15. Día Mundial sen Alcol

25. Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

Decembro

1. Día Mundial contra a SIDA

10. Día dos Dereitos Humanos

**AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

A participación dos rapaces e das rapazas neste programa sempre é moi positiva, xa que o feito de que se traballen todos estes días de gran repercusión para a sociedade a través de actividades dinámicas, manuais e/ou visuais, nas cales son suxeitos activos en todo momento, facilita moito a súa implicación. Por elo, este tipo de actividades soen ser moi ben recibidas polas persoas

menores. O obxectivo principal segue sendo mellorar a súa conciencia social e nese sentido consideramos que a maioría das persoas menores acadárona e mostraron empatía coas temáticas que se traballaron.

6.10 PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

As Habilidades Sociais seguen atopándose entre as técnicas máis potentes e máis utilizadas para o tratamento de diferentes psicolóxicos e para a mellora xeral da calidade de vida e da efectividade interpersonal. As relacións sociais apréndense mediante as interaccións cos demais; os contextos sociais actuais non favorecen os espazos nin tempos para isto e moitos dos problemas de convivencia teñen a súa orixe na falta de habilidades sociais básicas. Dentro das habilidades sociais se comeza cun apartado a maiores que é complementario e se traballa de modo transversal con outros programas que tamén se están desenrolando, estas son as **habilidades sociais da vida diaria**.

Este tipo de destrezas van un paso mais adiante e se estenden a temas relacionados coas habilidades precisas, por exemplo, para mellorar as nosas ferramentas persoais na búsqueda activa de emprego: (escoita activa, saber dicir “Non”, ferramentas cara a aprender a negociar, habilidades para traballar en equipo...); ou habilidades cara a desenvolverse de xeito mais eficaz nas tarefas do día a día. Polo tanto é importante destacar que as habilidades sociais:

- Axudan a que os mozos e mozas defendan o que queren e expresen o seu acordo ou desacordo, sen xerar malestar na outra persoa.
- Son condutas, isto quere dicir que son aspectos observables, medibles e modificables; non é un trazo innato dun suxeito, determinado polo seu código xenético.
- Esta relación co outro é efectiva e mutuamente satisfactoria. A persoa con habilidades sociais defende o que quere e expresa o seu acordo ou desacordo sen xerar malestar na outra persoa.

Destinatarios

Todos os mozos e mozas asistentes ao recurso de Atención de Día son destinatarios do Programa de Habilidades Sociais; tanto aqueles que manifesten condutas problemáticas (comportamentos

excesivos e comportamentos inhibidos) como aqueles que, non presentando ningún problema condutual, poidan beneficiarse dun enfoque preventivo de mellora da convivencia social.

Metodoloxía

A Metodoloxía se fai de maneira individual, grupal e familiar e levándoo a cabo en diferentes espazos nos que participan no seu día a día e está inspirada na profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa.


Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de principios que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

Responsible

O educador Antonio García Ceriz

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.



AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Cumriuse parte dos obxectivos previstos no deseño, non existindo problemas no deseño das distintas actividades que se foron programando e poñendo en acción.

Os contidos, materiais e temática, habitualmente se adaptan dependendo do número de adolescentes que asisten ao obradoiro e os seus perfís. Estes contidos impartíronse en base aos obxectivos propostos.

Atopámonos dificultades como cada ano no referido ao tema da adaptación a todos os niveis debido a heteroxeneidade do grupo de rapaces por diferentes motivos: a falta de interese polos obradoiros nalgúns casos, a diferenza de idade e de preferencias, os diferentes niveis de habilidades acadadas ao longo da súas vidas, etc...todos estes factores determinan o funcionamento e o deseño das actividades e o grado de adaptación precisado.

Temos perfís de rapaces e rapazas que teñen un síndrome amotivacional bastante pronunciado e iso fai que rompan a dinámica de traballo ou apenas participen, influenciando de xeito negativo nos outros compañeiros/as.

Valoramos moi positivamente tanto o cumprimento dos tempos como a programación de actividades complementarias, tendo en conta as dificultades anteriormente citadas.

Unha vez máis, destacar que o lugar onde se desenvolven as actividades para súa posta en marcha volve a ter un carácter mais normalizado tras superar as restriccións post-pandémicas no referente á distribucións dos espazos e outras medidas preventivas de seguridade.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

No programa, este ano se nota unha mellora na participación activa por parte dos adolescentes nas actividades, especialmente no relacionado coa atención cara a temática exposta e nas actividades mais dinámicas ou de carácter práctico . Se cambia a forma de expoñer os obradoiros cara a unha maior adaptación aos perfís que compoñen o grupo.

Uns dos maiores problemas que seguimos detectando foi o cansazo que esbozan algúns usuarios pola franxa horaria na que se fan os obradoiros. Comentan os rapaces que non teñen forzas e maior motivación e lles custa prestar atención polo cansazo acumulado durante as horas previas e o esforzo de ter que facer estudo antes dos obradoiros.

No desempeño das actividades e a realización dos obradoiros se intenta que sexan o mais dinámicos e participativos posibles pero aínda así, as veces custa moito que se centren e participen todo o tempo cunha atención plena e unha actitude proactiva nalgúns días.

Neste programa amosan maior interese por aquelas temáticas máis relacionadas coa autoestima e o autocoñecemento, o autocontrol... no que a maioría presentan un gran desaxuste polas vivencias acaecidas e o nulo traballo previo nas súas vidas.

O modo de traballar con eles e elas propiciou que se puideran implicar máis en canto á participación activa, a pesar dos inconvintes mencionados anteriormente cara a alcanzar os obxectivos propostos, xa que case sempre os temas que se pretenden abarcar espertan neles moito interese.

Continuaremos coas mesmas liñas de traballo, apostando e incidindo na proposta de que aporten as súas ideas e puntos de vista a través dunha choiva de ideas e temáticas que lle preocupen en relación coas habilidades sociais.

Como novidade destacar o desenvolvemento das **habilidades sociais no ámbito laboral**.

No traballado con respecto a este tema, se incidiu principalmente naqueles usuarios que tiñan especial interese en buscar traballo ou dirixir os seus obxectivos persoais cara a búsqueda dun emprego dotándoos dos instrumentos necesarios para poder afrontar esas carencias.

Soen ser sesións máis individualizadas onde nos centramos en aspectos concretos relacionados coas habilidades ligadas a tratar con respecto as demandas esixidas no mundo laboral .

A resposta foi boa en xeral, xa que se percataban da importancia e necesidade de mellorar estes aspectos relacionados directamente coas demandas dos mercados laborais actuais.

Temas tales como a resolución de conflitos interpersoais, a flexibilidade, a resiliencia, habilidades para un eficaz traballo en equipo, habilidades de comunicación eficaz ou a motivación cara a poder acadar os seus obxectivos, por destacar algún dos mais importantes e que despertou gran interese e boa aceptación por parte dos adolescentes que participaron nas sesións individuais enfocadas a este ámbito concreto.

Na maioría dos casos, o programa pode estenderse durante toda a estancia do mozo/a no Programa de Atención de Día. En todo caso, atenderanse as necesidades específicas e os obxectivos explícitados no propio P.E.I. con relación a este tema.

Podemos confirmar que na maioría dos casos lles segue custando moito o respecto de quendas de participación e a escoita activa, sen embargo denotamos unha mellora substancial na atención e interese polos contidos impartidos os cales, comentan que son importantes para axudalos nas diferentes áreas da súa vida diaria.

Por algúns temas concretos percibimos de novo que os rapaces amosan maior interese por exemplo por temáticas relacionadas coa empatía, a asertividade, os dereitos e deberes, os erros na comunicación, a comunicación baseada no respecto entre iguais...

Reflexamos as sesións desenvolvidas a nivel grupal:

AUTOCONHECIMENTO	
Autocoñecemento I	5
Autocoñecemento II	2
Autocoñecemento: inventario de vida	2
Autocoñecemento III	1
Habilidades para a prevención da violencia (alternativas)	3
Habilidades prevención da violencia	6
Personas altamente sensibles	3
HABILIDADES PARA AFRONTAR EMOCIONS	
Expresión e Interpretación das emocións	2
Diferenciar emocións.	4
Emocións. Identificación de emocións	2
Expresión de sentimentos. Día Saúde Mental	2
Autoimaxe e redes sociais: felices redes	7
AUTOESTIMA	
Perigo Redes. Autoestima	6
HABILIDADES DE COMUNICACIÓN	
Habilidades comunicación S. Down	5
Comunicación prexuízos	6
Comunicación verbal vs. Comunicación non verbal	5
Dereitos e Deberes das Persoas Menores	4
Habilidades para Mellorar os Hábitos de Sono	4
Habilidades para a NON-violencia	5
Habilidades Sociais Avanzadas	5
Habilidades para o coidado dos nosos maiores (sentimentos/emocións)	4
A lei do espello	1
Comunicación asertiva/Role playing	3
Valores: Respecto. Role playing	4
Asertividade e empatía na vida diaria	3
Habilidades ante presión grupo de iguais	1
Habilidades sociais para obter éxito	1

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Á hora de avaliar os resultados do programa sinalar que custa que se cumpran algúns dos obxectivos marcados tanto no tema participación activa coma no traballo en pequenos grupos. Temos que destacar a baixada no número de asistentes a algúns dos obradoiros por ter outras actividades coincidentes co horario no que se realizan os obradoiros. A priorización de certas temáticas fronte a outras segue estando marcada polas demandas dos propios usuarios e a necesidade detectada por nos mesmos/as.

Comprobamos que por parte dos rapaces/as o coidado dos materiais audiovisuais segue mellorando, xa non detectamos desperfectos nos ordenadores, monitores, etc...como constaba en temporadas anteriores.

Destacar un maior nivel de implicación nalgúns temas expostos que consideramos que son de crucial importancia seguir impartindo polo perfil dos nosos usuarios.

Por outra banda, optimizáronse ao máximo os recursos dos que dispoñemos tanto os nosos coma os que proceden do noso entorno.

O feedback amosado polos rapaces segue sendo moi positivo en cáseque tódolos obradoiros relacionados con *expresións de sentimentos, empatía, técnicas para ligar, a autoconfianza...* o cal continúa a ser o mais demandado polos usuarios.

Finalmente sinalar que no 2022 no Programa de Habilidades Sociais participaron, tanto a nivel individual como grupal, **trinta e un** (31) adolescentes do total, un **86%** dos asistentes ao recurso.

6.11 PROGRAMA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE


DESCRIBIÓN DO PROGRAMA

Gozar de boa saúde non se trata da ausencia de enfermidades senón de manter un completo benestar físico, mental e social. É por iso que pensamos no imprescindible que resulta realizar un programa de educación para a saúde no que, ademais, traballemos a súa promoción. Con isto pretendemos ensinar ás persoas adolescentes a ter un maior control sobre a súa propia saúde e corpo, fomentando cambios en si mesmos e o seu entorno máis próximo.

É necesario mostrarlles a importancia de manter uns hábitos saudables de alimentación, hixiene e sono que, ligados a unha correcta actividade física, resultan ser nosos aliados para diminuír os posibles riscos e desenvolver máis factores de protección na vida da persoa adolescente.

Pero non solo pretendemos centrarnos na saúde física senón tamén na saúde mental, xa que afecta na nosa forma de pensar, sentir e actuar no día a día.

Desta maneira apostamos pola adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de hábitos que fomenten estilos de vida saudables que favorezan o benestar e o crecemento persoal da rapazada.



Destinatarios

Todas as persoas adolescentes usuarias de Adolescentes Alborada, Atención de Día que manifestaron condutas problemáticas (carencia de hábitos de hixiene, inicio de trastornos alimenticios, malos hábitos alimenticios, cambios físicos...) ou que, non presentando ningunha problemática desta índole, puideron beneficiarse dun enfoque preventivo que intentou mellorar a súa saúde física, mental e social.



Metodoloxía

Tendo en conta as temáticas que este programa contén, procuramos ter certa confianza cas persoas adolescentes para traballar algúns apartados co fin de evitar ferir a súa sensibilidade ou sentirse atacados dalgunha maneira. Trátase dun programa que na súa maioría traballamos de forma grupal pero, tamén de maneira individual dependendo das necesidades de cada persoa adolescente. Consideramos fundamental o uso do respecto e a non discriminación por temas concernentes ao aspecto.

Responsable

A educadora Lucía Pérez

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, o número de participantes e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Seguimos apostando pola innovación de materiais de creación propia e atopando outros a través da gran ferramenta que é Internet. Inda así, tamén repetimos algunhas actividades por petición das persoas adolescentes, coma o taller de cociña. Continua a ser unha temática que non sempre lles agrada tratar pero que conseguimos traballar facéndoo moi dinámico e que a súa participación e colaboración sexa clave para desenvolver a actividade.

Cando este programa lévase a cabo de maneira individual, intentamos que sexa cando xa existe un vínculo estable e confianza coa persoa menor, co fin de evitar xerar situacións incómodas para eles e elas.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Consideramos este programa fundamental xa que continuamos a apreciar un gran aumento de necesidades básicas e conceptos non adquiridos aínda sobre temáticas básicas coma a nosa hixiene persoal, a correcta inxesta de alimentos, o sedentarismo, entre outros.

Traballaron a Educación para a Saúde un total de **26 adolescentes** (o que fai un **83%** do total), sendo 25 de xeito grupal e 19 de maneira individual, a través de tres apartados principais:

- Benestar físico
- Benestar mental
- Benestar social

Remarcar que, posto que a maioría das persoas usuarias xantan diariamente no recurso, é un dos momentos habituais nos que tratamos temas deste programa de maneira distendida e intentamos fomentar neles uns mellores hábitos alimenticios e outras aprendizaxes, coma o aproveitamento da comida sobranste. Por iso as persoas adolescentes que queiran levar a comida sobranste para casa poden fácelo a través de *tuppers* do recurso ou cando temos familias con dificultades económicas que así o demandan.

SESIÓNS GRUPAIS	
TÍTULO DO OBRADOIRO	PARTICIPANTES
Tabaco e os seus efectos na saúde	6
Azucres: como afecta ao cerebro	7
Hixiene do sono	5
Reestruturación cognitiva: técnicas	5
Saúde mental na adolescencia	3
Técnicas para controlar a ansiedade	4
Saúde mental: Esquizofrenia	4
Saúde mental: Trastornos de Conduta Alimentaria (TCA)	5
Saúde mental: Bipolaridade	4
Saúde mental: TOC	5
Uso/abuso medicamentos: Fentanilo	8
¿Coma aféctanos o amor na saúde?	3
Tatuaxes e piercings: riscos e cuidados	2
Hixiene corporal	6
As emocións co Dixit	6
Prohibición bebidas enerxéticas	6
Alimentación saudable	7
Ciclo menstrual	5
VIH e VPH	5
Obradoiros de cociña (8 sesións)	2-9-3-2-8-10-5-8

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Os resultados son apropiados coas expectativas pero incidindo, novamente, no aumento de necesidades de hixiene detectadas, queremos resaltar o uso que se deu por parte das persoas usuarias á ducha e á lavadora do centro; podendo así traballar en maior profundidade na hixiene corporal e a limpeza da vestimenta. En determinadas ocasións facilitóuselles produtos de hixiene persoal para levar ao seu fogar e, en dous casos, foi necesaria a axuda de outros servizos, coma o de unha empresa especializada na eliminación de piollos debido a gran cantidade deles.

Nº de usuarios/as de ducha: 12

Nº de usuarios/as de lavadora: 17

6.12 PROGRAMA DE AFECTIVIDADE, SEXUALIDADE, DIVERSIDADE E XÉNERO

DESCRIBIÓN DO PROGRAMA

Este programa xorde a partires dos conceptos de **saúde** e **sexualidade** establecidos pola O.M.S., inda que dende aquí, pretendemos darlle unha visión integral e transversal aos mesmos. Aproximando ás persoas menores a poder entender e gozar da súa saúde sexual. Adolescentes Alborada, Atención de Día, aposta pola educación integral en sexualidade, afectividade, diversidade e xénero. Tendo en conta que iso é un **proceso de ensinanza-aprendizaxe continuo. Onde se traballan aspectos cognitivos, psicolóxicos, fisiolóxicos, físicos e sociais co obxectivo de dotar as persoas de datos, información, habilidades, actitudes e valores que lles permitan protexer os seus dereitos. Todo isto a través dun goce da súa saúde sexual, o seu benestar, a súa dignidade e o establecemento de relacións sociais e sexuais baseadas no respecto e na igualdade.**

Dende a perspectiva da etapa evolutiva na que se atopan os/as mozos/as do programa, consideramos fundamental entender a función dos vínculos afectivo-sexuais, dar resposta as necesidades de filiación, comunicación, coidado, protección, apoio emocional... tendo como referencia que somos seres sociables e sexuados dende que nacemos.

Por outra banda, tamén debemos ter claro que a adolescencia é unha etapa de cambios fisiolóxicos, de exploración de novos desexos, prácticas sexuais ... de aí que tamén sexa unha fase impregnada de inseguridades e interrogantes que é necesario traballar con eles/elas dende a proximidade, a confianza e a relación horizontal.

Ademais, temos que ser sensibles ante as condutas de risco, xa que son máis habituais na adolescencia, para previr as ITS, explicándolles cales son os métodos anticonceptivos máis axeitados para cada unha das mozas e mozos.

Finalmente, somos conscientes de que o que aprendemos dende as idades máis temperás configura o noso comportamento como persoas adultas. Quererse, coidarse e respectarse, é a base para manter relacións en igualdade. Ademais, identificar as violencias machistas, anticiparse e previla resulta clave para xerar relacións de bo trato.

Destinatarios

Todos/as aqueles/as mozos/as de Adolescentes Alborada, Atención de Día. Polo que serán sesións de grupo que se levarán a cabo de maneira semanal. Con todo, a partir dun análise de necesidades, poderemos detectar aqueles casos con dificultades específicas para poder levar a cabo unha atención individualizada, tanto en titorías (intervención educativa) coma en intervencións psicolóxicas.

Metodoloxía

Buscamos unha metodoloxía **activa e participativa**. Iniciando os nosos contidos dende os coñecementos previos dos/as participantes, involucrándoos no diálogo e tentando un análise crítico e reflexivo (tanto de maneira individual coma grupal). Os/as profesionais encárganse de guiar e aportar información veraz e técnica para resolver dúbidas. Preténdese gañar vinculación, apoio e sororidade entre o grupo de adolescentes, por iso queremos evitar dinámicas nos que os/as usuarios/as sexan axentes pasivos/as.

Responsables

O psicólogo Manuel Muñíos Collazo e a educadora social Sabela López Otero.

Soporte documental e rexistro


Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

O soporte bibliográfico co que contamos son cunha serie de guías de **referencia específicas de educación afectivo-sexual** (*Ni ogros ni princesas, el amor y el sexo no son del mismo color, no te lées con chicos malos, cómo defenderte de las agresiones...*), **material extraído das páxinas web** e a visualización de filmes ou curtametraxes. Ademais, este ano 2023 traballamos dende a plataforma Netflix, diferentes series e documentais coma *SexEducation*.

Con todo, a nosa principal ferramenta é o **dossier específico do programa**, de elaboración propia, onde se reflicte tanto información de divulgación científica, como dinámicas e actividades, test de avaliación, material fotográfico etc. Todo iso organizado por temáticas e idades.

Este é un programa de grande éxito en xeral, xa que a case todos e todas os/as participantes lles motiva ter información ao respecto. Inda que resulta curioso, como a pesares de considerar que nos atopamos nunha sociedade cada vez máis sensible e aberta á diversidade, o perfil dos/das nosos/as usuarios/as continúa a ser en numerosas ocasións homófobo e machista.



AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

O programa inicialmente é de grupo, pero é habitual que en función do Proxecto Educativo Individualizado (P.E.I.) de cada persoa menor, atopémonos coa necesidade desenvolver o programa ou parte dos seus contidos de maneira individualizada debido ás demandas ou necesidades específicas.

Ademais, constantemente estamos adaptando os contidos ás peticións que se nos plantexan ou que nós apreciamos, tendo en conta de maneira especialmente significativa as noticias de actualidade.

Respecto á consecución de obxectivos, entendemos que de forma xeneralizada estes foron acadados.

A nivel grupal, participaron no programa un total de 27 adolescentes, o que supón un 87 % dos asistentes a Adolescentes Alborada, Atención de Día durante o ano 2023. Mentres que a nivel individual, traballouse o programa de afectividade, sexualidade, diversidade e xénero con 10 mozos e mozas, un 32,3% do total.

- **Sesións desenvolvidas durante o ano 2023:**

Xogos	Nº de participantes
1. A Oca: Exploración de coñecementos previos a través do xogo	4
2. Dixit: Traballar a empatía e a expresión de sentimentos e emocións	3
3. Dinámicas de grupo e role playing (verán)	11
4. Memori: Diferenciar entre sentimento e emoción	5

Contidos	Nº de participantes
5. Mitos sobre a sexualidade (Verdadeiro ou Falso)	3
6. Cambios na adolescencia: Anatomía do aparato reprodutor e cambios emocionais	3
7. A primeira vez: mitos, medos, tabúes...	
8. O himen e o consentimento	
9. Traballo de autoestima. Cualidades físicas e de personalidade	1
10. Roles e estereotipos de xénero	4
11. Relacións de toxicidade. Ciclo/escaleira de violencias	5
12. Ventana de Johari. Construindo relacións saudables	1
13. Efecto Zeigarnik	1
14. A saúde mental nas relacións afectivo-sexuais	5
15. A diversidade sexual: Identidade sexual e orientación do desexo	4
16. A diversidade sexual: Expresión de xénero	4
17. A diversidade sexual: Sexo-xénero	4
18. A construción do desexo: sistema de recompensa	4
19. Cosificación e hipersexualización	3
20. A influencia do porno	3
21. Barreiras de protección disfuncionais (Anabel González)	4
22. Tipos de apego e a súa influencia nas nosas relacións	1
23. Autoimaxe, modelos de beleza e redes sociais	3
24. Relaciones de poder y Red Flags	2
25. Manipulación emocional	5
26. Dinámica: A miña parella ideal	1
27. Explotación reprodutiva	7
28. Pirámide de Maslow	5
29. Autoevaluación final de curso escolar: <i>A roda da miña vida</i>	

30. A <i>violencia branca</i> e cómo identificala	
31. Estilos de comunicación nas relacións afectivas: pasividade, agresividade e asertividade (verán)	9
32. As cinco linguaxes do amor: Palabras de afirmación, tempo de calidade, agasallos, actos de servizo e contacto físico.	4
33. 10 mecanismos para crear pensamentos erróneos	5
34. ¿Qué é o amor? Analizamos letras de cancións	5
35. Relacións saudables e positivas (verán)	9

Días Especiais	
36. San Valentín (14 de Febreiro). • Mitos do amor romántico. Películas e personaxes Disney	14
37. Día Internacional da Muller (8 de Marzo) • As sustancias con perspectiva de xénero: Sumisión química • Historia do feminismo • A mutilación xenital • O teito de crista e chan pegañento. Medidas de conciliación no mundo laboral	15
38. Día do Orgullo LGTBI+ (28 de Xuño). As etiquetas	13
39. Día internacional da eliminación da violencia contra a muller (25 de Novembro). • Tipos de violencias	14
Medios Audiovisuais	Nº de participantes
40. <i>Querer en Igualdade</i> -Marina Marroquí	3
41. <i>Cloran a un hombre</i> - YouTube	1
42. <i>Merlí</i> - A presión de grupo	1
43. <i>Somos Estupendas</i> - <i>Cómo mejorar el diálogo interno y la autocrítica</i>	2
44. <i>La habitación (2015)</i> – Lenny Abrahamso	
45. <i>No estas sola: La lucha contra la Manada</i> - Netflix	2
46. <i>Después de Samuel</i> – RTVE	1
47. <i>Video Fórum película Barbie (2023)</i>	4
<i>SexEducation</i>	
48. E1 A virxindade	2
49. E2 Orientación e diversidade sexual	2
50. E3 A Interrupción Voluntaria do Embarazo	2
51. E4 Expresión de sentimentos	2

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación do programa é continua, global, formativa e integradora. Ten en conta a evolución da persoa adolescente e a avaliación do seu proceso, así como dos recursos humanos e materiais. Sempre tomamos como punto de referencia a **avaliación inicial**, que tamén condicionará as diferentes medidas de apoio, reforzo, estratexias ...

A **avaliación continua**, por outra banda, permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo para todos/as os/as participantes en función das necesidades que deriven do proceso educativo. Estas medidas estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para acadar os obxectivos marcados coa posta en marcha do programa.

Para rematar, a **avaliación final**, realízase atendendo a diferentes items, tanto cualitativos como cuantitativos: grao de cumprimento dos obxectivos específicos do programa, número de asistentes, número de actividades totais realizadas, cuestionario de satisfacción... Para así acadar a mellora continua do programa.

Dende Adolescentes Alborada, Atención de Día, mantémonos na importancia dunha educación afectivo-sexual axeitada baseada na información e na comunicación. Ter a oportunidade de ofrecerlle a mozos e mozas de estas idades un espazo no que poder resolver dúbidas ou inquietudes, consideramos que deriva nunha poboación máis aberta á tolerancia e preparada para dar un "NON" ante situacións de risco.

Unha das maiores dificultades atopadas ao longo de este ano, foi a falta de continuidade e de asistencia dos propios participantes. O que fixo complexa a adquisición de determinados contidos ou darlle unha maior "homoxeneidade" ao programa e cohesión grupal. Inda que como aspecto moi positivo, tamén cabe destacar o bloque de actividades non-mixtas ofertado en verán e a súa enorme acollida. Así como a participación activa de todos/as persoas adolescentes na maioría dos obradoiros.

Concluimos destacando a nosa preocupación polo gran descoñecemento dalgunhas áreas concretas (fisioloxía, anatomía, ITS...) do programa dun gran número de participantes a pesares de xa ter levado a cabo prácticas sexuais, sendo estas de gran risco. Resaltar tamén a concepción idealizada das relacións amorosas que perpetúan o mantemento de roles en función do xénero, o que deriva en relacións de desigualdade.



6.13 PROGRAMA DE ACTIVIDADES PLÁSTICAS E CREATIVIDADE

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Con este Programa o que se pretende é que cada un dos/as adolescentes desenvolva as súas propias potencialidades. Así toda idea ou suxestión que eles acheguen debe ser considerada coma moi importante para o manexo da súa autonomía. Igualmente o programa ten que ser o suficientemente flexible para acoller cambios baseados na súa creatividade e estimular o intercambio de ideas entre eles, enriquecéndose así a cada un de forma individual e ao grupo como colectividade.

Trátase entón de que a través das “actividades plásticas” cada mozo ou moza desenvolva de xeito óptimo todo o seu potencial creativo, á vez que sexa un contexto adecuado e socializador no que ademais da súa especial incidencia no creativo, teña un efecto significativo e rehabilitador en todas as áreas nas que presente necesidades (habilidades cognitivas, currículo escolar, relacionais, de lecer, etc). Outro aspecto relevante ten que ver co enfoque activo e a aprendizaxe significativa, o/a adolescente non é un mero suxeito pasivo, receptor de coñecemento, senón que ten un papel primordial no que ten que ver co deseño do seu propio programa de recuperación. Xa que logo non buscamos con iso formar artistas que realicen magníficas exposicións, a finalidade é que se amplíe o seu mundo sensitivo, que adquiran habilidades manuais, gusto artístico pero sobre todo que descubran como son capaces de crear.

Destinatarios

A priori todos os mozos e mozas asistentes a Atención de Día son destinatarios do Programa de Actividades Plásticas e Creatividade. Agora ben, dependendo do seu horario, situación persoal, afeccións, gustos,... varía o modelo de intervención nesta área.

Metodoloxía

A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

Responsable

O equipo Educativo de Adolescentes Alborada, Atención de Día

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Todos os contidos da programación puideron implementarse de acordo cos obxectivos previstos dun xeito óptimo e creativo, dentro dun contexto axeitado e socializador.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

As persoas menores amosáronse interesadas e participativas nas actividades, cun ambiente agradable e distendido. Normalmente, a relación entre eles é boa e respectuosa.

É interesante seguir co desempeño da actividade polo grao de enriquecemento que se xera a través dos distintos obradoiros.

As áreas que se traballan nesta actividade abarcan aspectos tanto do área de desenvolvemento persoal como de integración social xa que van dirixidas ao desenvolvemento de capacidades como intelectual/cognitiva e afectiva/emocional e do contexto de diversificación do tempo de lecer e de normas de participación que corresponde ao contexto residencial.


De acordo cos seguintes criterios de avaliación, comentarase o máis significativo en canto ao cumprimento ou non destes.

- Conseguíronse mellorar os hábitos de traballo individual ou de equipo.
- Fomentouse unha actitude responsable e de respecto cara os demais que permitiu a adquisición da aprendizaxe creativa.
- Realizouse unha axeitada utilización dos materiais.
- Potenciouse a calidade estética e a aplicación dos conceptos explicados.
- Leváronse a cabo distintas modalidades de expresión plástica.
- Estimulouse a capacidade de expresión e creación propia.

Neste programa participaron un total de **dezaseis** adolescentes, un 44% dos asistentes.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Cumpríronse os obxectivos previstos como asistencia e participación activa nos obradoiros, nivel de implicación nos grupos de traballo, experimentación con diferentes técnicas e coidado e respecto dos materiais, con alto grao de satisfacción no deseño das actividades.



6.14 PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL


DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O programa de Inserción Socio-Laboral desenvolvido en Adolescentes Alborada, Atención de Día, mantén como ven sendo habitual estes últimos anos, a división en dúas partes ben diferenciadas dependendo dos e das participantes.

Por unha banda contamos co programa **“ACTIVATE-JOB”** para os/as adolescentes e por outra, un programa específico para a busca de emprego e/ou actividades de formación laboral para as familias denominado **“ACTIVATE-XA”**.

O obxectivo xeral do Programa de inserción socio-laboral pasou por ampliar as posibilidades persoais e formativas dos/as usuarios adolescentes e as familias, potenciando as estratexias necesarias para a consecución dun emprego ou, si é o caso, para unha reorientación profesional.

Un ano máis traballamos no programa elaborando itinerarios de inserción socio-laboral baseados en: información, orientación, asesoramento e busca de formación.



ACTIVAJOB

As/os participantes do programa para adolescentes Actíivate-job fanse conscientes cada ano da necesidade de cursar accións formativas (cursos AFD, PIE, etc.) que lles faciliten a súa posterior inserción no mundo laboral. Un mundo, que non goza de demasiadas ofertas a raíz das crises económicas e a profesionalización dos empregos.

Nalgúns casos a opción de formarse antes de comezar unha busca activa de emprego non se valora por parte dos e das adolescentes, centrando toda a actividade do programa na propia BAE, sendo conscientes da dificultade que afrontan.


En canto as accións formativas ás que poden optar, na maior parte dos casos céntrase nos cursos AFD que ofrece o Servizo Público de Emprego Estatal, ou nos Programas Integrados de Emprego, dirixidos principalmente para persoas desempregadas. Neste sentido tamén nos encontramos con dificultades, xa que a maioría dos/as nosos/as usuarios/as non superan os 16 anos, o cal dificulta que sexan seleccionados en cursos que teñen compromisos de contratación.

Por outra banda, os que conseguen acceder ao mercado laboral, fano en condicións de moita precariedade co que nos atopamos cunha poboación altamente vulnerable e cunhas escasas posibilidades de construír un proxecto para a súa vida.

O programa ten como finalidade formar e fomentar a autonomía dos/as nosos/as mozos/as e das familias participantes, facilitando as mellores opción laborais e formativas a través da orientación cara os recursos vinculados á busca ou formación do emprego.

Destinatarios

Aqueles/as mozos/as menores de idade que sendo usuarios/as do recurso de Adolescentes Alborada, Atención de Día, demanden unha orientación cara a organización da súa busca activa de emprego ou formación orientada a unha profesión, dun xeito personalizado e favorecendo a adquisición das habilidades necesarias para a súa incorporación ao mundo laboral. Do programa ACTIVAJOB: Aqueles mozos/as menores de idade que sendo usuarios/as do recurso de Adolescentes Alborada, Atención de Día, demande unha orientación cara a organizar a súa busca activa de emprego ou formación orientada a unha profesión, dun xeito persoalzado e favorecendo a adquisición das habilidades necesarias para a súa incorporación ao mundo laboral.



Metodoloxía

A metodoloxía a utilizar no programa orientado aos adolescentes defínese como participativa, colaborativa, activa, didáctica, flexible e enfocada nos seus intereses e á mellora da súa realidade, combinando o carácter grupal e individual.

A metodoloxía grupal ofrece condicións favorables para a reflexión, o intercambio co grupo de iguais e a modificación de crenzas e actitudes erróneas tanto a nivel grupal como individual. Ademais, permite programar dinámicas de grupo que facilitan e melloran a aprendizaxe.

Mediante a metodoloxía individual se acompaña, informa e asesora ao adolescente durante todo o proceso, mantendo contactos periódicos co educador ou educadora de referencia a través de titorías presenciais coa frecuencia que o profesional estime oportuna. Nestas sesións profundizaremos nas súas expectativas laborais ou formativas.

Os mozos e mozas interesado/as en participar no programa, serán os/as protagonistas activos/as da súa propia aprendizaxe contando co apoio de material audiovisual para gravación e visualización das

diferentes entrevistas e situacións realizadas polos/as propios participantes e os vídeos sobre procesos de selección cos que tamén forman parte da metodoloxía empregada para facer máis dinámicas as actividades realizadas nas sesións.

Responsable

Os educadores Antonio García e Martín Ubeira

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas do programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, as/os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Este programa encóntrase en continuo cambio e adaptación debido ás complexidades do mercado laboral e á precariedade á que se ven forzados a maioría de rapaces/as que cumpren o perfil de participación no programa.

Aínda que se observa un aumento de ofertas laborais na cidade e arredores, así como un aumento na cantidade de accións formativas que se anuncian nos diferentes recursos e institucións da cidade, a temperá idade dos e das rapazas e a súa falta de preparación dificulta que accedan con normalidade a ambas opcións.

Como en anteriores edicións, o número de rapazas/es que deciden centrar o esforzo na busca activa de emprego reduciuse, para centrarse e focalizar os esforzos na inscrición nalgunha acción formativa, xa que cada vez son máis conscientes de que necesitan prepararse para acceder ao mercado laboral.

Por outro lado, faise necesario aumentar os contidos relacionados coas novas tecnoloxías, apreciando unha vez máis dificultades á hora de desenvolverse coas mesmas. Por ese motivo, varias sesións foron enfocadas a mellorar o coñecemento das TIC's e o seu uso na busca activa de emprego/formación.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN


Nun principio realizamos unha valoración conxunta (educador-rapaz/a) para poder discernir que obxectivos podemos establecer a curto/medio prazo, así como fomentar o auto-coñecemento para poder establecer un perfil dende o que trazar o itinerario.

Un ano máis consideramos que os obxectivos do programa non foron acadados na súa totalidade debido ás numerosas dificultades que se atoparon as usuarias/os, principalmente debido á falta de formación e expectativas, así como as eivas que se encontran no seu entorno socio-familiar.

De novo, destacamos a importancia da aprendizaxe e posta en práctica das habilidades sociais relacionadas coa busca activa de emprego, así como nos bos hábitos (hixiene, linguaxe, comunicación non verbal, etc.) como factores fundamentais para a consecución dun emprego.

A avaliación do proceso tivo un carácter formativo, xa que a partir da análise dos datos que obtivemos durante o transcurso das intervencións, puidemos introducir cambios nos aspectos que consideramos oportunos, levándose a cabo durante o tempo que durou a execución do proxecto que ano tras ano vai collendo una forma máis idónea e realista.

Con cada un/unha/s das participantes elaborouse unha avaliación individual inicial, na que se demarcaron obxectivos a corto e medio prazo, establecendo como fin último a consecución dun emprego ou o acceso a unha formación laboral/académica.



AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A meirande parte dos/as participantes priorizaron acceder a algún curso formativo antes que centrar os esforzos e o programa na busca activa de emprego, o cal valoramos positivamente, xa que demostra que cada vez son máis conscientes da necesidade de formarse antes de introducirse no mercado laboral. Ademais, o feito de que se tratara nas sesións a relación entre a precariedade laboral e a falta

de formación fíxolles adquirir consciencia acerca da necesidade de realizar accións formativas previamente.

Analizando o número de usuarios/as que atoparon cursos e a dificultades que teñen nalgúns casos para manter a constancia e participación nos mesmos, vemos necesario un acompañamento a longo prazo para poder realizar un seguimento

En xeral, apreciamos a nula ou escasa base de coñecementos no relativo á Formación en Tecnoloxías da Información e da Comunicación. O descoñecemento dos instrumentos e ferramentas relacionadas coa informática eran comúns para ambos perfís dos programas, por iso se traballou con eles dende o comezo o seu uso e funcionamento.

Respecto as prácticas pre-laborais en empresas do noso entorno que se presten a colaborar, non chegamos ao punto no que algunha das rapazas/es puidera acceder a elas de forma exitosa. Neste aspecto, seguiremos traballando en cada edición do programa para poder contar con máis empresas de diversos sectores.

Ao longo do programa, observamos as ofertas publicadas semanalmente en diversos boletíns e páxinas web de emprego. Co paso do tempo, a desmotivación e frustración ante a falta de ofertas que encaixaran co seu perfil formativo/laboral foi facéndose máis latente, o cal tamén influíu á hora de decantarse por continuar formándose previamente á inserción laboral.

Participaron neste programa **once adolescentes**, o que supón o **35%** do total de asistentes ao recurso. A metade das rapazas/es accedeu a algunha acción formativa, acadando un dos rapaces un emprego ao finalizar con éxito o curso. Un dos aspectos fundamentais foi da motivación para acadar unha constancia que permitira adquirir hábitos e habilidades de cara a acceder nun futuro próximo a un emprego ou formación. Neste caso, con tres dos participantes non se chegou a acadar un obxectivo mínimo como é a asistencia continuada debido a factores socio-familiares e á falta de expectativas.

ACTIVATE-XA

Seguindo unha das liñas que caracteriza a Adolescentes Alborada, como é a de traballar non só coas persoas adolescentes senón tamén coas súas familias, nace o proxecto "Actívate-Xa", incluído no programa de inserción socio-laboral.

As elevadas taxas de desemprego que existen na actualidade favorecen un incremento de desigualdade social. Tendo en conta os perfís profesionais de moitos familiares dos nosos e nosas adolescentes, esta desigualdade aumenta aínda máis. Adoitan ser familias que están vivindo unha vulnerabilidade ante o emprego e que desexan traballar ou mellorar, están en paro ou en situación de precariedade laboral, pertencentes a fogares de baixos ingresos e que se atopan en risco de permanecer así a longo prazo. Os nosos potenciais usuarios e usuarias antes de poder incorporarse a un traballo, precisan poñerse ó día nas súas competencias e coñecementos, mellorar os seus métodos de busca de emprego e a súa presentación de cara as persoas que contratan.

Por iso, ofrecemos apoio e seguimento para a mellora da súa empregabilidade mediante a busca dun emprego ou formación axeitada as súas características persoais.

Destinatarios

Todas aquelas familias dos nosos mozos e mozas do programa de Atención de día que solicitan axuda para buscar emprego ou formación orientada a unha profesión.

Metodoloxía

A metodoloxía a utilizar neste proxecto defínese como participativa, colaborativa, activa, didáctica, flexible e orientada aos intereses da persoa interesada e á mellora da súa realidade, traballando de maneira individual.

A metodoloxía individual ofrécenos a posibilidade de realizar unha intervención moito máis específica e centrada nas necesidades da persoa usuaria. Ademais, é máis próximo e fomenta unha maior confianza co educador do programa, podendo asesorar e informar con maior claridade e sendo conscientes da súa propia traxectoria.

Nunha primeira sesión individual estableceremos os obxectivos a acadar en base ao perfil da persoa participante, determinando con que periodicidade acudirá ao Centro de Día e que labores pode realizar de maneira independente. Inicialmente, o habitual é facer unha sesión por semana, dependendo das circunstancias persoais, a esixencia que se auto impoñan, da implicación persoal, interese e a constancia.

Posteriormente, valoramos ter un seguimento quincenal no que se repasan as ofertas ou os cursos que van aparecendo e mantendo un “feed-back” constante se xurde algunha novidade.

Responsable

A educadora social Lucía Pérez e educador Martín Ubeira

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECM (programa informático de xestión de Adolescentes Alborada), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo o título da sesión, a persoa participante, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

A día de hoxe o programa conta cun espazo propio, que até o momento se adapta as esixencias do programa, contando con ordenadores e espazo suficiente para implementar dinámicas de grupo e actividades.

Debido a precariedade laboral e, nalgúns casos, a pouca formación previa a un posto de traballo, démoslle importancia a unha formación e orientación laboral, sen reducir todo á busca de emprego. Algúns exemplos serían a realización dun currículo axeitado dependendo a oferta laboral ao que se destina, ou unha pequena explicación de coma funciona a Seguridade Social e a súa unión cunha nómina salarial dun posto de traballo.

As familias usuarias comprobaban de primeira man as dificultades coas que teñen que enfrontarse, xa sexa pola idade na que se atopan ou a necesidade de ter unha mellor preparación académica. Por iso, unha das principais eivas coas que nos atopamos é a desmotivación ao longo das sesións ao non obter resultados inmediatos e darse conta das dificultades á hora de incorporarse ao mercado laboral.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Considerando que o obxectivo principal do programa é a orientación necesaria para a obtención dun emprego e o acompañamento neste proceso, valoramos o obxectivo cumprido. Realizáronse sesións individuais nas que se traballaron habilidades pre-laborais (realización do currículo, práctica de entrevistas, coñecemento de páxinas e boletíns de emprego, etc.), así como aprendizaxe acerca das novas tecnoloxías e o seu uso na busca activa de emprego, como comentamos anteriormente.

As persoas que participaron no programa Actívate-Xa foron tres. A raíz destas sesións e grazas aos contactos que realizaron unha vez comezado o programa, ambos casos acadaron o acceso ao mercado laboral a través dun emprego. Foi fundamental nos dous casos o traballo motivacional para retomar a actividade laboral, partindo delas mesmas a iniciativa de establecer o contacto que derivou na incorporación no traballo.

6.15 PROGRAMA DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADITIVAS

Programa ZERO e programa SENSORTE

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Dentro do Programa de Prevención e Intervención en Conduitas Aditivas contamos co programa **Zero** e o programa **Sensorte**, dependendo de si se intervén en conductas aditivas con ou sen substancia.

En primeiro lugar, o programa **Zero** ten o obxectivo de previr o consumo de drogas en adolescentes ou reducir os consumos e riscos no caso de que estean consumindo. Dentro del, existen tres programas específicos.

- **Programa de mantemento da abstinencia**, o/a adolescente que non consume ningunha droga ou ben tivo algún consumo puntual de tipo experimental

- **Programa de redución do consumo**, o/a adolescente que é consumidor habitual de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e adquire un compromiso en canto á abstinencia, ben sexa: reducir o consumo ou deixar de consumir.
- **Programa de redución de riscos**, o/a adolescente que é consumidor habitual de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e non quere reducir o consumo, é dicir, sen ningún obxectivo en canto a abstinencia.

E en segundo lugar, o programa **Sensorte** ten a finalidade de previr o xogo patolóxico nos/as adolescentes, centrándose principalmente no gambling (xogo de apostas e azar) e no gaming (xogo online e videoxogos).

Destinatarios

Atendendo ao programa **Zero**, serán os e as menores que son consumidores/as habituais de drogas, sexa pola semana ou os fins de semana, e non queren reducir o consumo, é dicir, sen ningún obxectivo en canto á abstinencia. Tamén serán partícipes todos/as os/as adolescentes asistentes a Atención de Día e que non consumen ningunha droga ou ben, tiveron algún consumo puntual de tipo experimental e, por último, todos os/as menores asistentes ao Programa de Día que son consumidores/as habituais de drogas, sexa pola semana ou fins de semana, e adquiren un compromiso en canto á abstinencia, ben sexa reducir o consumo ou deixar de consumir.

E con respecto ao programa **Sensorte**, serán as persoas adolescentes usuarias das que haxa indicios ou evidencias de condutas aditivas sen sustancia, as cales están creando verdadeiros problemas na poboación adolescente, como o gambling (xogo de apostas e azar) e o gaming (xogo online e videoxogos).

Metodoloxía

No caso de que traballemos cun ou cunha menor que conta cunha problemática de adicción ao xogo ou no caso de traballar en grupo con adolescentes sen esta problemática xunto con outros/as que si a poden ter, temos que concienciarlles do grave problema do xogo e previr a conduta de risco. Para que a intervención sexa eficaz, é necesaria unha valoración previa do grao de motivación e conciencia do problema de presenta cada suxeito. Ás veces, o/a adolescente comenta que fai apostas cos/coas amigos/as ou en solitario mais non todos os días, polo que cree que non ten ningún problemas, outros/as comentan que fan apostas online, outros/as que pasan bastantes horas ao día xogando coa consola ou co móbil, outros/as manifestan que dormen poucas horas porque polas noites quedan xogando ata tarde, etc. Estas condutas, e moitas outras, cara ao xogo, poden ser consideradas como unha primeira fase nunca posible adicción ao xogo e por iso é importante plantexarlles aos adolescentes como unhas pequenas accións cara ao xogo poden dar lugar despois á adicción.

Na intervención cos e coas adolescentes é prioritario que sintan que poden falar libremente do que están facendo, o cal facilitaranos saber as situacións de risco nas que se atopa. Coñecen, porque se

lles foi transmitindo dende pequenos/as a través da familia, escola e medios de comunicación, entre outros, que o xogo pode chegar a ser aditivo e pode causarlle consecuencias moi negativas tanto na súa vida persoal, familiar, laboral, de saúde, etc.

É importante, por iso, recordar os seguintes aspectos na intervención sobre o gambling e o gaming:

- A nivel persoal traballarase nun primeiro momento propoñéndolle actuar fronte a súa adición de forma individual. Se o/a adolescente négase, pasaremos a intervención a un modo grupal intentando retomar máis adiante o traballo personalizado, facéndolle fincapé na importancia do traballo individual da súa conducta aditiva.
- A nivel de colectividade traballarase en grupos de intervención con poucos participantes para favorecer a interactividade dos e das participantes e tamén para facilitar as prácticas das aprendizaxes e recibir o feedback do mellor xeito posible.
- Con respecto ao **traballo familiar**: coas familias que os seus fillos e fillas presenten unha conduta aditiva ao xogo ou ás apostas haberá un seguimento e unha atención personalizada durante o proceso terapéutico para que atopen o apoio necesario e as aprendizaxes que precisen para poder encararse á problemática dos/as fillos/as.
- Hai que estimular e reforzar a participación activa de todos/as os/as participantes nas distintas actividades do programa, máis se cabe nos que teñan unha adición.
- A información que se ofrece debe ser atraínte, clara e cómoda para manexar. O material audiovisual ten que estar adaptado.
- Fixar uns obxectivos claros e realistas tanto para o grupo como para cada adolescente participante no programa Sensitive.

De igual forma, se o/a adolescente non é xogador/a habitual de xogos online ou apostas, é importante dotarlle de habilidades e actitudes ante a problemática do xogo.

Responsables

O educador Nicolás Domínguez

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECM (programa informático de xestión do centro de menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os/as participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Nas actividades levadas a cabo no programa **Zero** no só se pretende fomentar o non consumo, senón tamén promover aos adolescentes unha conciencia social sobre todo aquilo que xira ao redor deste tipo de sustancias (percepción do risco, habilidades e influencias sociais, intelixencia emocional, autoestima...). Neste sentido, unha gran fonte de información son os/as propios/as mozos/as que en ocasións nos adiantan novas sustancias ou novas formas de consumir o que supón ter que investigar para poder desmitificar ou anunciar os riscos que conlevan eses novos consumos.

Atendendo ao programa **Sensorte**, cos contidos a traballar intentamos visibilizar e previr este problema existente na poboación adolescente, xa que hoxe en día as novas tecnoloxías están moi presentes no uso diario dos mozos e mozas. Por elo, o contacto con este tipo de condutas do xogo está moi presente, xa sexa directa ou indirectamente. De esta maneira, preténdese outorgar diferentes alternativas de ocio, así como tamén fomentar un uso responsable da tecnoloxía.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Con respecto ao programa **Zero**, se atendemos ao programa de *mantemento da abstinencia*, acostuma a ser un éxito porque os mozos e mozas que rexeitan consumir soen ser firmes coa súa opinión.

En liñas xerais consideramos non ter alcanzados na totalidade os obxectivos do programa de *redución do consumo*, debido ao gran número de mozas/os que sendo consumidores rexeitan abertamente o programa, deixando claro non querer reducir o consumo da substancia; a pesares disto queremos resaltar que moitos/as deles/as utilizan esa postura de forma pública pero dende o equipo e as familias, no transcurso das semanas, aprecian cambios favorables no seu comportamento que está claramente relacionado coa redución do consumo. En numerosas ocasións centrámonos no programa de *redución de riscos* de maneira individualizada.

En canto ao programa **Sensorte**, leváronse a cabo diferentes obradoiros grupais nos cales as temáticas que se abordaron estiveron centradas, na súa gran maioría, no uso das novas tecnoloxías por parte da mocidade, concretamente facendo moito énfase nos riscos que conlevan as redes sociais se non se realiza un uso responsable das mesmas. Ademáis delo, debido a situación pandémica do Covid-19 vivida ao longo destes últimos anos, tamén se realizou unha actividade centrada no aumento do xogo e apostas online que se produciu durante a pandemia, principalmente por parte dos/as adolescentes.

No **Programa Zero** participaron de maneira colectiva vinteun (21) menores, un 67% do total de asistentes ao Centro.

Atendendo ao **Programa Sensorte** a participación foi de dezaioito (16) adolescentes, é dicir, un 52% do total de asistentes ao recurso.

Dentro deste "Programa de Prevención e Intervención en Condutas Aditivas" realizáronse 16 actividades grupais, as cales se reflicten na seguinte táboa:

SESIÓNS GRUPAIS	PARTICIPANTES
Novas drogas na sociedade. Botellón	7
Bebidas enerxéticas e alcol	6
Adictos ao cannabis	5
Cannabis, cando deixa de ser un xogo	3
Danos consumos cannabis	5
Alcol I	5
Alcol II	6
Concepto de drogas e ansiedade	5
Cocaína	8
Redución de riscos	6
Dependencia ao móbil	10
Uso das redes sociais	7
Perigos das redes sociais, aplicacións	5
Ludopatía: videoxogos e xogo online	4
Ludopatía: apostas e xogos de azar	6
Grooming e sexting	3

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Sempre que hai algún mozo ou moza que non permite abordar a redución do consumo de condutas aditivas, con ou sen sustancia, e dende o equipo recoñecemos que non podemos ter unhas conclusións de todo favorables. Coas actividades diarias que levamos a cabo, podemos apreciar que existe un aumento do nivel de “enganche” a unha idade máis temperá, o que dificulta máis o traballo de desmitificar os danos debido ao comportamento propio do/a adolescente de non apreciar os riscos e nos fai pensar que a abordaxe cara este tema debería ser moito antes.

Se atendemos ao programa Zero, podemos apreciar que no caso de algúns mozos e mozas o consumo diario que están a realizar é moi alto, principalmente de cannabis. E con respecto ao programa Sortete, tamén podemos observar que o uso das novas tecnoloxías por parte dos e das adolescentes cada vez é maior, sendo frecuente en varios/as deles/as o seu consumo ata altas horas da madrugada.

6.16 PROGRAMA DE OUTRAS CULTURAS E REALIDADES SOCIAIS

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

A nova situación actual que vive o país, as dificultades sociais que se atopan as persoas menores, a falta de oportunidades, a crise de valores, a diversidade cultural que cada día vai medrando fai necesaria unha actuación coa mocidade intentando mostrarlles a realidade que se está vivindo. Teñen que ser conscientes do momento que lle toca vivir, coa situación que está atravesando seu grupo de poboación, coas súas dificultades e as oportunidades. Tamén é importante que coñezan a realidade que existe noutros países, sobre todo a realidade que vive a mocidade. Para dar a coñecer o que está ocorrendo en diferentes partes do planeta, consideramos que é fundamental achegarlles aos menores a nova realidade social, mediante vídeos, fotos, música, testemuñas, etc. Intentamos con este programa que logren adquirir uns coñecementos xerais de diferentes culturas do mundo e da realidade que se vive en diversas zonas do planeta.

Destinatarios

Todos/as os/as participantes no Programa de Atención de Día.

Metodoloxía

A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflexar a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.

Responsable

O educador Nicolás Domínguez

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os/as participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Con este programa tentamos dar a coñecer outras culturas diferentes a nosa e achegarse a realidades sociais que os/as menores descoñecen ou das que teñen inquietude por saber máis. Coa realización de todas as actividades preténdese a eliminación de certos estereotipos que os/as adolescentes poden ter interiorizados acerca de estas realidades, as cales moitas delas son descoñecidas para os/as menores.

Ademais disto, fomentáronse valores importantes como a igualdade, tolerancia, xustiza, liberdade, voluntarismo, solidariedade, etc.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Neste programa realizáronse varios obradoiros grupais con diferentes dinámicas dependendo da temática de cada obradoiro. As temáticas foron tan dispares como por exemplo a inmigración, o machismo e o feminismo, a situación que viven as mulleres no Afganistán ou a historia real dun mozo latinoamericano na cal narra a súa inclusión en diferentes pandillas. Para estas actividades apoiámonos moito no uso dixital, de maneira que os mozos e mozas podían coñecer todas estas realidades dunha maneira moito máis visual.

Coa realización deste programa estamos a axudar ao desenvolvemento persoal dos/as menores. Neste sentido, traballáronse en grupo diferentes temáticas intentando crear cos menores unha conciencia crítica e de preocupación pola realidade tanto local como xeral.

Neste programa participaron de xeito grupal un total de vintedous **(22)** menores, un **70%** do total de asistentes ao Centro de Día.

A continuación, detallamos as sesións e os/as participantes de cada unha delas:

Título da sesión	Participantes
Consumismo no mundo	5
Maras I e II	15
Inmigración y MENAS	7
Cambio climático	3
Discapacidade	5
Discriminación nos colectivos sociais	13
Nenos soldados	4
Mulleres defensoras do medio ambiente	4
Lei do menor	11
Dereitos humanos	5

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Este programa, novamente, tivo moi boa aceptación por parte das persoas menores, xa que senten interese e curiosidade por coñecer diferentes realidades que son descoñecidas para moitos/as deles/as, así como tamén comprender e indagar en maior profundidade sobre aqueles aspectos que chegaron a escoitar nalgunha ocasión pero que en ningún momento ninguén lles explicou.

Neste sentido, recoñecen que coas actividades levadas a cabo neste programa aprenden cousas novas que lles axudan a coñecer mellor a realidade actual, non só dentro do país e da cultura na que se encontran, senón tamén de diferentes partes do mundo.

6.17 PROGRAMA DE RELAXACIÓN



DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Hoxe en día sabemos que a relaxación contribúe a desenvolver capacidades como a atención, a observación, a imaxinación, a percepción, a memoria e a concentración e que ademais facilita a prevención do estrés, da ansiedade e da tensión emocional entre outras.

Resaltar que os/as rapaces/as que ingresan en Adolescentes Alborada, Atención de Día, practicamente todos/as, carecen da estimulación apropiada nas capacidades mencionadas, de tal maneira que este programa o consideramos necesario para o seu desenvolvemento persoal, tendo como resultado en moitos deles a redución de situacións conflitivas ou sensacións desagradables que van acompañadas de sentimentos e pensamentos negativos sobre un mesmo e unha certa impresión de falta de control.

Destinatarios

Todos aqueles adolescentes que no seu PEI apareza reflectido algún obxectivo a alcanzar nesta liña e todos aqueles usuarios que sexan asistentes ao Programa de Atención de Día e amosen algún tipo de interese ou demanda a nivel individual pola temática en cuestión.

Metodoloxía

A Metodoloxía está inspirada na Profesionalización propia do Recurso e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo.

Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de principios que pretenden reflectir a filosofía do noso traballo: Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir-Valorar: Problemática vs. Normalización.

Educador responsable

O educador social Antonio García Ceriz

Soporte documental e rexistro

Dispoñemos de información clasificada en diferentes carpetas por cada programa, e dentro de cada carpeta a documentación empregada para a realización de cada sesión. Cada programa estará rexistrado tamén no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores), e dentro de cada programa estarán anotadas cada unha das sesións que se realizan, incluíndo se é unha sesión individual ou grupal, o título da sesión, os participantes, a valoración e as incidencias acaecidas, e a persoa responsable da sesión.

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Os contidos se impartiron de modo axeitado tendo en conta os obxectivos propostos, os tempos dos que se dispoñía e a prioridade que se lles dá a outras temáticas.

Os contidos e os tempos se adaptaron perfectamente tendo en conta o número de rapaces/as que asistían ao obradoiro e dependendo dos espazos dispoñibles que cumpriran cunhas condicións especiais. Consideramos que para realizar estas técnicas de xeito grupal é importante que sexa un número reducido de usuarios cara a concentrarse e non distraerse. Optamos sempre que se poida por utilizar espazos máis amplos e adaptados para que teñan a maior comodidade para realizar a actividade.

É un obradoiro que para desenvolverse de xeito máis eficiente, precisa dunhas condicións idóneas en canto a luminosidade, a poder ser con poucos condicionantes que podan distraer aos adolescentes, coma o ruído ambiental do exterior ou cunha temperatura axeitada.

Se comezaron a utilizar nalgunha ocasión outros elementos complementarios e moi interesantes coma unha vela, música relaxante ou incenso para facilitar a concentración tendo moi boa acollida polos nenos/as.

A queixa reiterativa e lóxica por parte dos rapaces e que se viña dando dende un principio, era que resultaba complicado e incómodo ter que traballar coa respiración sen ter unha experiencia previa, aspecto indispensable neste tipo de actividade.

As veces o lugar onde se tiñan que realizar as actividades non era o máis idóneo, ademais, detectamos falta de material específico coma esterillas etc.

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

Temos a percepción de que este programa é cada vez mais demandado polos mozos e mozas con respecto a anos anteriores tanto a nivel individual coma grupal. A participación é mais activa na maioría das veces, ben por ter un maior coñecemento das ferramentas ou por ter experiencias previas agradables e positivas.

O feedback que amosan polo xeral é moi bo no que se refire a actividade en si. Comentan estar a gusto e moi centrados na gran maioría dos casos, e a diferenza doutros anos, os mesmos adolescentes son os que reclaman o obradoiro de relaxación, a pesar de que algunhas veces fose moi complicado levalo a cabo por ter no grupo algún usuario que esgrimía condutas disruptivas ou non se tomase coa seriedade necesaria o desenrolo e a participación na sesión. Neste último ano se incluíron outros ingredientes coma engadir a voz dun interlocutor que guiaba a sesión para que deste modo o educador estivese mais integrado e atento ás reaccións do grupo durante a sesión de meditación.

A nivel individual se denota cos adolescentes funcionan moito mellor porque se evitan moitos distractores. Os rapaces mais pequenos soen molestar ao resto porque non chegan a interiorizar a importancia e os beneficios da práctica, co que soen aburrirse e romper a dinámica do resto dos compañeiros, conseguindo en moitas ocasións descentralos e perder o fío da actividade guiada.

Nesta última etapa mellorou moito neste aspecto a actividade, ben sexa polo efecto espello, xa que imitaban aos seus compañeiros que estaban aproveitando a actividade e posteriormente compartindo os beneficios da práctica tanto no plano físico como a nivel mental.

Podemos confirmar que lles segue custando a interrelación en canto ao respecto de quendas de participación e a concentración e interese, respectar os silencios dos compañeiros... tan necesarios para levar a cabo a sesión de xeito eficaz polo que consideramos que aínda queda moito por traballar cara a unha situación de idoneidade.

No ano 2023 participaron dez adolescentes (un 32%).

- **Realizáronse as seguintes sesión en grupo durante o ano 2023:**

SESIÓNS RELAXACIÓN	PARTICIPANTES
CONCIENCIA PLENA EN LA RESPIRACIÓN	2
MEDITACIÓN NIÑO INTERIOR (DAÑO Y REPARACIÓN)	3
INTRODUCCIÓN AL AUTOCONOCIMIENTO A TRAVÉS DE LA MEDITACIÓN	3
MANDALAS Y MEDITACIÓN (PARTE 1)	7
MANDALAS Y MEDITACIÓN (PARTE 2)	7
MANDALAS Y TRAZOS DIFERENTES SEGÚN SONIDOS MHZ	7
RELAJACIÓN CREATIVA GUIADA	6

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Neste ano 2023 observamos unha lixeira baixada no número de sesións na realización e participación neste obradoiro por parte dos usuarios con respecto a outros anos anteriores. Como indicamos no apartado anterior este é un programa que a pesar de ter unha escasa representación no traballo anual, ben por darlle prioridade a outros obradoiros ou ben por non acadar un grupo mínimo de usuarios nalgunhas ocasións, está sendo mais demandado por algúns rapaces que xa tiveron algunha experiencia anterior e tiveron unha boa experiencia. Resaltar que os que participaron quedaron moi contentos cos resultados obtidos tal e coma manifestan de forma individual nas diferentes titorías ou en grupo.

Atopámonos que non é sinxelo concentrarse nalgunhas ocasións debido aos ruídos ambientais ou polo mero feito de escoitar murmurar aos demais compañeiros e compañeiras.

Os participantes recoñecen que aprenden como afrontar mellor e xestionar o estrés, polo que comezan a interpretalo coma unha nova ferramenta que lles vai a axudar a coñecerse mellor e a afrontar diferentes situacións de certa tensión.

En liñas xerais atopámonos con moi boas críticas por parte dos usuarios e uns bos resultados acadados polos participantes a pesar de que se reducen o número de sesións realizadas ou desexadas nun principio. Isto nos leva a pensar que é preciso pararse a reflexionar cara ás próximas tempadas para continuar dándolle unha maior prioridade a este programa. Percibimos que é preciso estudar os posibles enfoques que se lle pode dar a actividade para poder chegar mais preto deles e

sexa dun maior interese e agrado para os nosos usuarios empatizando coas súas demandas e necesidades.

Neste ano pódese dicir que se acadou o obxectivo da integración plena do programa como un obradoiro mais dentro dos existentes. Tendo maior aceptación que noutros anos anteriores porque algúns deles comezan a sentir no seu interior os beneficios da práctica habitual.




6.18 PROGRAMA DE APOIO POST-INSTITUCIONAL: ABEIRO

DESCRINCIÓN DO PROGRAMA

Nalgúns casos, comprobamos que trala alta educativa ou baixa do recurso, tanto a persoa adolescente como a súa familia, manifestan as súas inquedanzas ao “sentirse sen axuda nin apoios” ante os problemas que poidan vir co paso do tempo. Dende o equipo psicoeducativo, consideramos que é fundamental, ser un **recurso de referencia** para que estes medos se disipen e interioricen que son capaces de reorientar a súa vida e resolver os conflitos cotiás. Para dar resposta a esta necesidade, creouse o **Programa de Apoio Post-Institucional** denominado **ABEIRO**. Este substantivo pretende, co seu significante, representar todo o nomeado con anterioridade: *Ser lugar onde un se pode protexer contra os rigores do tempo, un perigo, etc.* (definición extraída do Dicionario da Real Academia da Lingua Galega).

Destinatarios

Aqueles mozos e mozas e as súas familias que, tras causar baixa no programa de Atención de Día, sexa polo motivo que sexa (alta, abandono, maioría de idade ...), consideran que necesitan algunha orientación ou apoio psicoeducativo para afrontar determinadas situacións ou dificultades xurdidas no seu día a día.



Metodoloxía

A metodoloxía está inspirada na *profesionalización* propia do programa de Atención de Día e na Programación Educativa que de maneira individual, grupal e familiar levamos a cabo. Para o seu desenvolvemento baseámonos nunha serie de **principios** que pretenden reflectir a filosofía do noso traballo: **Multidisciplinaridade e Transdisciplinaridade, Individualización, Flexibilidade, Discernir - Valorar: Problemática vs. Normalización.**

Responsables

Os diferentes profesionais do Equipo Psicoeducativo de Adolescentes Alborada, Atención de Día.

Soporte documental e rexistro

O rexistro de persoas menores participantes ou familias estará situado na carpeta correspondente ao Programa de Apoio Post-institucional Abeiro no GECEM (programa informático de xestión do Centro de Menores).

AVALIACIÓN DO DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Este programa depende da demanda dos/as antigos/as usuarios/as de Adolescentes Alborada Atención de Día e das súas familias, polo que non é doado deseñar posibles actividades a priori desta solicitude. É durante o desempeño do programa cando se deseñan e planifican as actividades necesarias a realizar cos/as demandantes das mesmas.



AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO OU IMPLEMENTACIÓN

A través do Programa de Apoio PostInstitucional *Abeiro* centrámonos en escoitar e tentar dar resposta ás diferentes demandas presentadas.

Así, os principais obxectivos dos que derivan as actividades realizadas no 2023 dentro deste programa son:

1. Ser un **referente** para todos/as aqueles/as usuarios/as que, durante un período de tempo máis ou menos prolongado, estiveron acudindo ao recurso, de tal forma que nos vexan como unha potencial fonte de axuda á hora de resolver diferentes problemáticas presentes nas súas vidas.
2. **Orientar e apoiar** o/a adolescente e/ou a súa familia nas dificultades que poidan ir xurdindo na súa vida cotiá (conflictos intrafamiliares, medos, dúbidas...).
3. Facilitarlles **información dos recursos** da súa contorna que lles poidan axudar nas súas demandas (inserción laboral, consultas xudiciais, trámites burocráticos...).

4. Axudarlle na **creación de redes sociais** de apoio (mellora nos seus vínculos afectivos, de filiación, pertenza, integración social...).

5. Previr o reingresso do/da persoa adolescente no Servizo de Protección e/ou Reforma.

Respecto ao número de usuarios participantes no programa o ano 2023, temos rexistrados un total de seis (6) persoas antigas usuarias e dous (2) familias que acudiron a Adolescentes Alborada, Atención de Día.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Do total de intervencións realizadas neste programa ao longo do ano 2023, a maioría foron visitas ou contactos telefónicos para facer consultas a nivel xudicial, formativo e/ou laboral. **O número de participantes incrementouse 29% respecto ao ano pasado**, polo que entendemos estes datos como un bo indicativo a hora de comprobar o grao de influencia positiva da andaina das persoas menores e as súas familias no recurso.

Ademais de para pedir consello e intervención profesional, tamén queremos destacar as numerosas chamadas recibidas ao longo de estes meses de familias e antigos usuarios/as que simplemente pretendían felicitarnos as festas, comunicarnos os avances positivos nas súas vidas, ter palabras de agradecemento etc. E que iso non consta nestes datos analizados do Programa de Apoio Post-Institucional *Abeiro*.

7. CONCLUSIÓNS

Despois de analizar os datos extraídos desta Memoria Anual 2023, dende o Equipo Psicoeducativo de “Adolescentes Alborada, Atención de Día” achegamos as seguintes conclusións divididas en dous bloques, por unha banda as derivadas dos datos estatísticos e por outra as da xestión:

DATOS ESTADÍSTICOS:

- Sinalar unha media de ocupación no ano 2023 dun 86%. Deste xeito atopámonos con que a media do ano 23 é levemente menor que a media de ocupación dende a apertura do centro no ano 2000, un 88%. Non obstante continúa a ser moito maior que a media do ano 2021, un 76%. Este incremento da media de ocupación respecto ao ano 2021, ao noso entender, ven motivada por unha normalización do feito da ampliación de prazas en marzo do 2021 e pola adaptación ao cambio de perfíles após a situación pandémica dos anos 20 e 21.
- No ano 2023 o número de adolescentes con xénero masculino, un 58%, voltou ser superior ás de xénero feminino após a excepción do ano 2022. Non obstante, a proximidade porcentual de ambos xéneros indica unha ocupación do recurso paritaria.
- Descenso da idade promedio dos usuarios e usuarias do centro, pasando esta a situarse nos dezaseis anos cun 29% dos casos. Non obstante atopámonos coa mesma porcentaxe de idade nos adolescentes de dezasete anos, 29%.
- Continúa o feito de non desenvolver ningunha medida derivada de casos no réxime de reforma. Así, novamente, este ano, o 100% dos casos foron derivados dende o Sistema de Protección.
- Respecto ao motivo de ingreso, sinalar que o motivo maioritario de ingreso este ano foron os conflitos intrafamiliares cun 43% continuando e incrementando a tendencia iniciada no ano 2022. A seguinte causa de ingreso serían as motivadas por problemas comportamentais no ámbito formativo/laboral e familiar cun 21% dos casos.
- Dentro do perfil das e dos adolescentes usuarias é importante indicar case a metade, un 48%, acoden ao recurso con necesidades derivadas da súa saúde mental, comportamentos autolíticos, medicación psiquiátrica, ...
- Sinalar un aumento da media de estancia no recurso, entre 9 e 12 meses, cun 36% dos casos. Mais mantense o aumento de casos de longa duración que observamos os pasados anos.
- No referente aos modelos familiares dos asistentes, sinalar:
 - A importancia do número de adolescentes, aumentando notablemente respecto ao pasado ano, que viven só coa súa nai e ás veces outro familiar, é dicir familia

monomarental, constituíndo un 68%, é dicir, case os tres cuartos dos e das asistentes a Atención de Día.

- Observamos que o 36% das persoas menores asistentes ao centro durante o ano 2023 tiña máis estudos que os primarios, ben sexa a ESO ou o 1º ciclo da mesma. Por outra banda o curso con mais número de matriculados é o 1º da Formación Profesional Básica, amosando a gran demanda desta modalidade de estudo alternativa á ESO na nosa poboación diana.
- Sinalar a dificultade de reconducir academicamente a todos os adolescentes que, sendo maiores de 16, non queren estudar e non atopan traballo debido a situación actual. Non obstante, dos 11 participantes do Programa Activate-Job de Inserción Sociolaboral dous adolescentes atoparon traballo.
- Indicamos como factor de risco das persoas usuarias o emprego da violencia para a resolución de conflitos, nun 61%, e a alta conflictividade relacional, un 74%.
- Respecto ás problemáticas familiares, observamos como nun 39% dos casos as principais dificultades viñeron derivadas da falta de colaboración, implicación e interese pola actividade desenvolta dende a Atención de Día por parte das familias.

XESTIÓN E AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS DESENVOLVIDOS

- Reafirmar o SIPAF, Servizo de Intervención Psicolóxica para Adolescentes e Familias, como un dos puntos fortes da nosa intervención cos usuarios e usuarias, tanto adolescentes como as súas familias.
- Programa de Ocio e Tempo de Lecer: Indicar a alta participación nas actividades de lecer programado dende Atención de Día e o gran número de actividades externas “normalizadas”. Así, 16 adolescentes realizaron actividades deportivas, 2 actividades académicas e 4 outras actividades de lecer.
- Respecto aos programas de Inserción Laboral, ActivaJob (adolescentes) e ActivateXa (familias), apostamos por darlle un maior énfase notando un incremento de participación, non tanto de participantes como si do seu nivel de participación respecto a anos anteriores, un 35% no caso dos adolescentes e 10% nas familias, a pesares de ser os programas que contaron con menor número de usuarios/as.
- No referente aos recursos materiais entendemos como moi acaídas, para o desenvolvemento da nosa misión, as actuais instalacións de “Adolescentes Alborada, Atención de Día”, mais despois de conquistar unha furgoneta para o uso exclusivo de Adolescentes Alborada, Atención de Día.
- Apostamos por recuperar e reforzar para o vindeiro 2024 o Programa Encuentros, de Intervención Psicoeducativa Grupal con Familias.

- As conductas aditivas continúan a ser un factor importante entre a poboación asistente ao recurso. Así, un 74% participou no Programa Zero, de conductas aditivas con substancia, e igualmente o 71% no Programa SenSorte, de condutas aditivas sen substancia. Non obstante, é unha problemática habitual o consumo de substancias, principalmente tabaco, alcol e cannabis, chegando a interferir o mesmo no funcionamento diario do recurso. Tamén vemos, cada vez máis, un maior incremento de situacións de risco respecto ás novas tecnoloxías chegando a influír negativamente nas vidas dos adolescentes (Diminución horas de sono, falta de asistencia a clase polo seu uso ata altas horas da madrugada, diminución das relacións persoais “reais”,...)
- Valórase o GECEM, programa informático propio de xestión do Centro de Menores, como unha ferramenta de traballo fundamental no día a día no centro, mais é preciso continuar unificando criterios entre os diferentes profesionais e o emprego da axenda de profesionais como novo elemento de xestión.
- No referente ás relacións externas mantidas dende Adolescentes Alborada, Atención de Día hai que sinalar como moi positivo o fluído contacto co Servizo de Menores da Xunta de Galicia, coas Fiscalías de Protección e Reforma e o Xulgado de Menores.
- Tamén entendemos que é un punto forte na xestión o traballo en rede con outras institucións alleas a ACLAD Alborada, centros escolares, servizos de ocio e tempo de lecer, de busca de emprego, emprego de infraestruturas, recursos sanitarios e de saúde,... Entendemos que é preciso desenvolver aínda máis este campo, fortalecendo as alianzas existentes e creando outras novas.
- Por outra banda o traballo en rede interno, con outros dispositivos da ACLAD Alborada, tamén se converte nun pilar fundamental no funcionamento do Centro, onde é habitual no traballo diario a colaboración co persoal e emprego dos recursos propios do “Adolescentes Alborada, Atención Ambulatoria” (hai que ter en conta que un 32% dos ingresos veñen derivados deste programa), ou doutros dispositivos de Alborada como o Prevención Escolar, Laboratorio, Comunidade Terapéutica, UAD, Programa Verdear, ...